Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia canto á cobertura da totalidade das prazas de pediatría do Centro de Saúde de San Roque, de Vilagarcía de Arousa

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45287 (12/POC-007241)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as políticas que pensa desenvolver o Goberno galego co fin de impulsar o deporte feminino e conseguir mellores datos de igualdade neste ámbito

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 45290 (12/POC-007242)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Pérez, Moisés e 10 máis

Sobre as condicións da vivenda pública que o Goberno central pon á disposición en Vigo a través da empresa Casa 47

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 45292 (12/POC-007243)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ferro Iglesias, José Luis e 9 máis

Sobre as actuacións no ámbito da memoria democrática financiadas con fondos propios pola Xunta de Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 45294 (12/POC-007244)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego respecto do impacto da normativa de autoprotección na mellora da seguridade da nosa Comunidade Autónoma

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 45301 (12/POC-007245)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre a defensa prevista pola Xunta de Galicia dos intereses do sector primario galego no novo escenario aberto polo acordo entre a UE a Mercosur

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 45303 (12/POC-007246)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre a xestión que está a levar a cabo o Goberno galego dos pagamentos das axudas da PAC

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes



- 45305 (12/POC-007247)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre as actuacións que desenvolve o Goberno galego para apoiar o cooperativismo agrario, especialmente no aspecto da modernización de maquinaria e equipamentos, e o balance das políticas que impulsa nesta materia

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 45307 (12/POC-007248)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grueira Fernández, Nicole e 8 máis

Sobre as medidas que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para fomentar a remuda xeracional no medio rural e garantir a incorporación da mocidade ás actividades agrarias, gandeiras e forestais

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 45404 (12/POC-007249)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o actual modelo de transporte público por estrada de Galicia e a valoración que realiza o Goberno galego da eventual implementación dunha tarxeta de transporte intermodal con tarifa plana

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 45411 (12/POC-007250)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Rodil Fernández, Olalla

Sobre os tempos de tramitación da Risga, as consecuencias dos atrasos para as persoas solicitantes e as medidas da Xunta de Galicia para garantir a cobertura das súas necesidades básicas

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45414 (12/POC-007251)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o balance do programa 151A, de fomento da lingua galega, desde 2009 e o grao de cumprimento dos obxectivos da normalización lingüística

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 45424 (12/POC-007253)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre as características das medidas promovidas pola Consellería do Medio Rural para impulsar a reconstrución das zonas afectadas pola vaga de lumes forestais deste verán de 2025

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 45426 (12/POC-007254)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis



Sobre os controis que se están a realizar para detectar a presenza en Galicia da dermatose nodular, enfermidade vírica que afecta o gando vacún

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 45428 (12/POC-007255)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Casares Gándara, Juan Manuel e 8 máis

Sobre o procedemento para que a Administración execute subsidiariamente os traballos fitosanitarios obrigatorios consonte a normativa europea que regula enfermidades como a flavescencia dourada

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 45429 (12/POC-007256)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Casares Gándara, Juan Manuel e 8 máis

Sobre o procedemento para que a Administración execute subsidiariamente os traballos fitosanitarios obrigatorios consonte a normativa europea, o orzamento previsto nestes casos e a evolución prevista da flavescencia dourada no territorio galego

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 45434 (12/POC-007257)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Casares Gándara, Juan Manuel e 8 máis

Sobre as medidas da Administración autonómica para afrontar a praga da flavescencia dourada e a evolución prevista desta enfermidade

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 45436 (12/POC-007258)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Casares Gándara, Juan Manuel e 8 máis

Sobre a convocatoria de axudas da Xunta de Galicia para a promoción do viño galego en terceiros países fóra da Unión Europea

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 45438 (12/POC-007259)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre os resultados que están a ter os polígonos agroforestais en relación coa recuperación de terra en Galicia

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 45442 (12/POC-007260)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre a proposta da nova PAC que prevé entrar en vigor a partir do ano 2027

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes



- 45444 (12/POC-007261)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a postura do Goberno galego ante a posible adopción de medidas de sensibilización social e de axuda ás familias vulnerables que sufran tamén impagos das pensións de alimentos

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45448 (12/POC-007262)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre o nivel de saturación dos servizos de urxencias e da atención primaria na Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés derivada do impacto das patoloxías respiratorias estacionais e a valoración do Goberno ao respecto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45454 (12/POC-007263)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Varela Fernández, Katherinie e 9 máis

Sobre os traballos está a realizar o Goberno galego para a revitalización e mellora da explotación do regadío do Val de Lemos

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 45456 (12/POC-007264)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre os beneficios que, de ser o caso, suporá a posta en marcha da fábrica de Altri para os pequenos produtores forestais de Galicia

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 45460 (12/POC-007265)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grueira Fernández, Nicole e 8 máis

Sobre o avance do Plan de mellora das infraestruturas da Consellería do Medio Rural en relación coa optimización das oficinas rurais de Galicia

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2026

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





Á Mesa do Parlamento

Nicole Grueira Fernández, Carmen María Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura

A Xunta de Galicia convocou a liña de axudas para facilitar a obtención dos permisos de conducir dirixidas á mocidade. Unha medida que responde a unha das demandas máis frecuentes entre os mozos e mozas galegos, xa que o carné de conducir non só supón unha ferramenta de autonomía persoal e de mobilidade, senón que é tamén un requisito fundamental para acceder a moitas ofertas de emprego.

En 2025 a Xunta de Galicia destinou un orzamento total de 800.000 euros a esta actividade co que se puxeron en marcha dúas liñas de apoio: por unha banda, unha achega de 400 euros para a obtención do permiso de clase B, o máis común e necesario no día a día, e por outra, unha axuda de 150 euros para o permiso de clase A2, orientada a aqueles que optan pola motocicleta como medio principal de transporte.

Estamos, polo tanto, ante unha medida que, ademais de ter unha incidencia directa na vida da mocidade, tamén busca corrixir unha das barreiras económicas que máis dificultan a súa emancipación e inserción laboral.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Que balance fai o Goberno galego da convocatoria 2025 das axudas para a obtención do carné de conducir?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 13/01/2026 10:48:39
Carmen Pomar Tojo na data 13/01/2026 10:48:48
Rubén Lorenzo Gómez na data 13/01/2026 10:48:57
María Felisa Rodríguez Carrera na data 13/01/2026 10:49:04
Víctor Baladrón Lamas na data 13/01/2026 10:49:17
José Luis Ferro Iglesias na data 13/01/2026 10:49:27
Julio García Comesaña na data 13/01/2026 10:49:37
Patricia García González na data 13/01/2026 10:49:44
Raúl Santamaría González na data 13/01/2026 10:49:55
Cecilia Vázquez Suárez na data 13/01/2026 10:50:03



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 10:51:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:51:07
Nº Rexistro: 45105
Data envío: 13/01/2026 10:51:07,444

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:55:57
Nº Rexistro: 45110
Data envío: 13/01/2026 10:55:57.875

Asinado o día 13/01/2026 ás 10:53
Por Patricia Iglesias F

Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta, Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 1ª**.

En abril de 2024, o Grupo Parlamentario Socialista xa rexistrou diversas iniciativas parlamentarias advertindo de que a denominada reforma do estadio do Couto en Ourense non respondía nin ao investimento anunciado nin ás necesidades reais da instalación, e que deixaba sen resolver graves deficiencias estruturais, funcionais e de seguridade.

Naquel momento sinalabamos que a actuación executada pola Xunta de Galicia estaba lonxe de ser unha reforma integral, limitándose a intervencións parciais en relación coas expectativas xeradas, mantendo unhas bancadas obsoletas, problemas de filtracións, deficiencias en materia de seguridade e unhas condicións impropias dunha infraestrutura deportiva dunha cidade como Ourense.

Lonxe de corrixirse esas carencias, o paso do tempo e o uso do estadio viñeron confirmar as advertencias realizadas, engadíndose agora un novo problema de especial gravidade: o lamentable estado do céspede, poucos meses despois da súa reposición e tras un investimento público moi elevado.

O terreo de xogo, que se presentara como un dos elementos estrela da reforma, atópase nun estado que compromete a práctica deportiva e a seguridade das xogadoras e dos xogadores, con zonas visiblemente deterioradas, irregularidades e un desgaste absolutamente prematuro. Esta situación non se pode considerar nin normal nin aceptable nunha actuación

Asinado o día 13/01/2026 ás 10:53
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 13/01/2026 ás 10:52
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

162405

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-iwJ5Munfx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:55:57
Nº Rexistro: 45110
Data envío: 13/01/2026 10:55:57.875

recentemente executada, e apunta a fallos graves no proxecto, na execución da obra ou no control posterior por parte da Xunta de Galicia.

Este deterioro do céspede súmase ao mal estado xeral das bancadas, ás filtracións de auga, á falta de actuacións estruturais, á ausencia dunha reforma real das condicións de uso para o público e á imaxe claramente deficiente que segue ofrecendo o estadio do Couto cada vez que acolle un encontro deportivo.

Estamos, polo tanto, ante un fracaso evidente da actuación impulsada pola Xunta, que non non solucionou os problemas históricos do estadio, por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Ten coñecemento a Xunta de Galicia do estado actual do céspede do estadio do Couto, que presenta un deterioro grave e prematuro?
2. Considera o Goberno galego aceptable que, tras un investimento público de gran contía, o terreo de xogo se atope nestas condicións aos poucos meses da súa reposición?
3. Realizou a Xunta de Galicia algunha inspección técnica para determinar as causas do mal estado do céspede?
4. Vai o Goberno galego esixir responsabilidades á empresa adxudicataria, en cumprimento do contrato asinado, polos defectos detectados tanto no céspede como no conxunto da obra?
5. Ten previsto a Xunta adoptar medidas inmediatas para garantir a seguridade na práctica deportiva no estadio do Couto?

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

162406

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-iwJ5Munfx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:55:57
Nº Rexistro: 45110
Data envío: 13/01/2026 10:55:57.875

6. Pensa o Goberno galego acometer dunha vez unha reforma integral real das bancadas, que leve anos sendo reclamada e que segue sen se executar?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Munfx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

162407

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 13/01/2026 10:52:51

Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/01/2026 10:53:09

Patricia Iglesias Rey na data 13/01/2026 10:53:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:55:57
Nº Rexistro: 45110
Data envío: 13/01/2026 10:55:57.875

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 10:55:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:55:57
Nº Rexistro: 45110
Data envío: 13/01/2026 10:55:57.875

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Nicole Grueira Fernández, Carmen María Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura

En 2025 o Goberno galego puxo en marcha por primeira vez o Bono Emancípate, unha iniciativa dirixida á mocidade galega de entre 18 e 35 anos co obxectivo de facilitar a súa independencia e acceso á primeira vivenda.

A través deste bono, a Xunta de Galicia apoia economicamente os e as beneficiarias para afrontar gastos fundamentais do proceso de emancipación, como xestións notariais, compra de mobiliario, electrodomésticos e outros elementos básicos.

Trátase dunha medida pioneira que dá resposta a unha das maiores preocupacións da xuventude: poder acceder á súa primeira vivenda. A boa acollida da mocidade galega, que respondeu masivamente á primeira convocatoria, demostra a necesidade e utilidade desta iniciativa.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Que balance fai da primeira edición do Bono Emancípate?
2. Cal é a contía orzamentaria prevista para este Bono no ano 2026 e en que prazos se prevé a súa convocatoria?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 13/01/2026 10:55:03
Carmen Pomar Tojo na data 13/01/2026 10:55:10
Rubén Lorenzo Gómez na data 13/01/2026 10:55:20
María Felisa Rodríguez Carrera na data 13/01/2026 10:55:26
Víctor Baladrón Lamas na data 13/01/2026 10:55:34
José Luis Ferro Iglesias na data 13/01/2026 10:55:44
Julio García Comesaña na data 13/01/2026 10:55:51
Patricia García González na data 13/01/2026 10:55:59
Raúl Santamaría González na data 13/01/2026 10:56:06
Cecilia Vázquez Suárez na data 13/01/2026 10:56:13



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 10:57:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 10:57:13
Nº Rexistro: 45118
Data envío: 13/01/2026 10:57:13.973

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 13/01/26
11:00
Por Daniel Castro Ga

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a avaliación do avance no uso do galego por parte das empresas xornalísticas e de radiodifusión de titularidade privada.

Asinado o día 13/01/2026 ás
11:00
Por Iria Taibo Corsanego

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Secretaría Xeral de Medios vén convocando nos últimos anos senllas axudas destinadas a potenciar o avance no uso da lingua galega nos medios dirixidos por empresas xornalísticas e de radiodifusión de titularidade privada, por unha banda, e a empresas que realicen publicacións periódicas escritas integramente en galego, pola outra.

Nos dous casos estamos ante axudas que se resolven polo procedemento de concorrência non competitiva, co obxectivo de apoiar a información orientada a alentar a defensa da identidade de Galiza, a promoción dos seus valores, a normalización da lingua e a defensa da súa cultura.

É de esperar que estas axudas públicas deben impulsar a presenza crecente da lingua galega na redacción e comunicación das novas nos medios privados que as reciben. E, por suposto, debe ser obrigatorio cumprir coas bases da convocatoria que trazan que, como mínimo, o 10% das novas estean redactadas en galego.

Asinado o día 13/01/2026 ás
11:00
Por Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un obxectivo non conseguido, á vista das resolucións anuais que se volve reconfirmar na última resolución da convocatoria de 2025, publicada o pasado 30 de decembro; polo tanto estamos ante un criterio normalizador que fica na simple aparencia, como se pode comprobar nunha percepción contrastada da lectura ou audición destes medios de comunicación.

Malia seren, ano tras ano, estas empresas xornalísticas agraciadas con importantes cantidades de diñeiro público, non se verifican avances no uso da lingua galega na transmisión dos seus contidos, o que implicaría o incumprimento dunha parte do articulado do Estatuto de Autonomía que senta as bases da propia convocatoria, ou mesmo da propia Lei de normalización lingüística.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Como valora a Xunta o avance no uso do galego nas empresas xornalísticas e de radiodifusión de titularidade privada que reciben axudas públicas para este fin?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 13/01/2026 11:00:10

Iria Taibo Corsanego na data 13/01/2026 11:00:19

Daniel Castro García na data 13/01/2026 11:00:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 11:01:29
Nº Rexistro: 45119
Data envío: 13/01/2026 11:01:29.502

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 11:01:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 11:01:29
Nº Rexistro: 45119
Data envío: 13/01/2026 11:01:29.502

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Cristina Sanz Arias, Gonzalo Trenor López, Manuel Santos Costa, Juan Manuel Casares Gándara, Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, José Alberto Pazos Couñago e Noelia Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

O 16 de xullo de 2025, a Comisión Europea presentou a súa proposta do Marco Financeiro Plurianual (MFP) para o período 2028-2034. O seu importe ascende a case 2 billóns de euros a prezos correntes equivalentes a 1.763.056 millóns de euros a prezos de 2025, que representa o 1,26 % da Renda Nacional Bruta (RNB) da Unión Europea.

O número crecente de retos en diversos ámbitos aos que se enfronta Europa, como a seguridade, a defensa, a competitividade, a migración, a enerxía e a resiliencia fronte ao cambio climático, tradúcese nunha estrutura e programas financeiros moi diferentes aos de marcos financeiros anteriores.

Un dos máis relevantes é a definición dun macro-fondo denominado “Fondo Europeo para a cohesión económica, social e territorial, agricultura y rural, pesca e marítimo, prosperidade e seguridade”, que se concretará fundamentalmente nos Plans de Asociación Nacional e Rexional, que contan cunha asignación financeira definida a nivel de Estado membro. Estes plans abarcarían a política de cohesión, a política social, a política agrícola común, a pesca e a política marítima, a migración, a xestión das fronteiras e a seguridade interior.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan as seguintes preguntas:

1. Cal é a posición de Galicia perante o novo escenario financeiro presentado pola Comisión Europea?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Cristina Sanz Arias na data 13/01/2026 11:03:20
Gonzalo Trenor López na data 13/01/2026 11:03:32
Manuel Santos Costa na data 13/01/2026 11:03:41
Julio García Comesaña na data 13/01/2026 11:03:51
Juan Manuel Casares Gándara na data 13/01/2026 11:04:38
Miguel Fidalgo Iglesias na data 13/01/2026 11:04:46
Patricia García González na data 13/01/2026 11:04:54
Alberto Pazos Couñago na data 13/01/2026 11:05:01
Noelia Pérez López na data 13/01/2026 11:05:07



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 11:06:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 11:06:17
Nº Rexistro: 45124
Data envío: 13/01/2026 11:06:17.482

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 11:14:11
Nº Rexistro: 45126
Data envío: 13/01/2026 11:14:11.718

Asinado o día 13/01/2026 ás 11:12
Por Manuel Santos C

Á Mesa do Parlamento

Cristina Sanz Arias, Gonzalo Trenor López, Manuel Santos Costa, Juan Manuel Casares Gándara, Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, José Alberto Pazos Couñago e Noelia Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España foi aprobado pola Comisión Europea o 13 de abril de 2021. Posteriormente, a Comisión aprobou a addenda ao Plan o 17 de outubro de 2023, coa que se incorporaron as transferencias adicionais recibidas por España e a solicitude de préstamos.

O prazo establecido polo Regulamento (UE) 2021/241, que regula o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, indica que o prazo máximo no que deberán alcanzarse os fitos e obxectivos finais, tanto dos proxectos de investimento como das reformas, non debería ser posterior ao 31 de agosto de 2026.

O Goberno de España optou por unha planificación completamente centralizada do Plan de Recuperación, limitando o papel das Comunidades Autónomas á xestión de determinados investimentos definidos polos ministerios. Así, ás CC.AA. están a xestionar o 35,8% das transferencias non reembolsables que recibe España. En concreto, a CA de Galicia ten asignados preto de 1.750 millóns de euros para a súa xestión ata finais do próximo ano.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan as seguintes preguntas:

1. Cal é a valoración da Xunta de Galicia sobre o proceso de gobernanza realizado polo Goberno de España na planificación e execución dos recursos de recuperación recollidos no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España (PRTR)?
2. Cal é a valoración da Xunta de Galicia sobre o estado de execución dos recursos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España asignados á Comunidade Autónoma de Galicia?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026

Asinado o día 13/01/2026 ás 11:11
Por Cristina Sanz Arias

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Cristina Sanz Arias na data 13/01/2026 11:11:48
Gonzalo Trenor López na data 13/01/2026 11:11:54
Manuel Santos Costa na data 13/01/2026 11:12:03
Juan Manuel Casares Gándara na data 13/01/2026 11:12:10
Miguel Fidalgo Iglesias na data 13/01/2026 11:12:20
Julio García Comesaña na data 13/01/2026 11:12:27
Patricia García González na data 13/01/2026 11:12:38
Alberto Pazos Couñago na data 13/01/2026 11:12:48
Noelia Pérez López na data 13/01/2026 11:12:57



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 11:14:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 11:14:11
Nº Rexistro: 45126
Data envío: 13/01/2026 11:14:11.718

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 11:23:05
Nº Rexistro: 45128
Data envío: 13/01/2026 11:23:05,796

Asinado o día 13/01/26
11:21
Por Moisés Rodríguez

Á Mesa do Parlamento

Roberto Rodríguez Martínez, Cristina Campero Dorado, Moisés Rodríguez Pérez, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas dirixiu diversas comunicacións ao Goberno de España na que se trasladaba a preocupación pola situación da transferencia da AP-9, a suba das peaxes así como para solicitar información sobre a apertura do expediente por parte da Comisión Europea para o estudo das prórrogas do contrato de concesión que actualmente rexe para esta infraestrutura.

Asinado o día 13/01/2026 ás
11:21
Por Cristina Campero Dorado

Ante a falta de resposta e baixo o convencemento de que cómpre seguir avanzando no compromiso asumido pola Xunta de Galicia para lograr unha AP9 galega que permita levar adiante unha xestión máis eficiente e apegada ao territorio, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración lle merece ao Goberno galego o posicionamento do Presidente do Goberno de España, Pedro Sánchez, ante as solicitudes de información e reunión por parte da Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026

Asinado o día 13/01/2026 ás
11:21
Por Roberto Rodríguez Martínez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Roberto Rodríguez Martínez na data 13/01/2026 11:21:26

Cristina Campero Dorado na data 13/01/2026 11:21:37

Moisés Rodríguez Pérez na data 13/01/2026 11:21:48

José Luis Ferro Iglesias na data 13/01/2026 11:21:59

Rubén Lorenzo Gómez na data 13/01/2026 11:22:10

Argimiro Marnotes Fernández na data 13/01/2026 11:22:22

Carmen Pomar Tojo na data 13/01/2026 11:22:33

Gonzalo Trenor López na data 13/01/2026 11:22:41

Katherinie Varela Fernández na data 13/01/2026 11:22:50



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 11:23:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 11:23:05
Nº Rexistro: 45128
Data envío: 13/01/2026 11:23:05.796

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 11:23:09
Nº Rexistro: 45129
Data envío: 13/01/2026 11:23:09.864

Asinado o día 13/01/26
11:20
Por Manuel Santos C

Á Mesa do Parlamento

Cristina Sanz Arias, Gonzalo Trenor López, Manuel Santos Costa, Juan Manuel Casares Gándara, Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, José Alberto Pazos Couñago e Noelia Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

A renuncia do Goberno central a presentar e/ou aprobar os orzamentos xerais do Estado no que levamos de lexislatura, coloca a Galicia e ao resto de comunidades autónomas nunha situación de incerteza, falta de estabilidade e merma de recursos, que repercute nos servizos públicos fundamentais como a sanidade, a educación ou a dependencia e tamén no desenvolvemento das infraestruturas estatais pendentes ou en execución, entre outras.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan as seguintes preguntas:

1. Que valoración fai o Goberno galego das repercusións que ten a non presentación dos orzamentos xerais do Estado no que levamos de lexislatura?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026

Asinado o día 13/01/2026 ás
11:20
Por Gonzalo Trenor López

Asinado o día 13/01/2026 ás
11:20
Por Cristina Sanz Arias

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Cristina Sanz Arias na data 13/01/2026 11:20:19
Gonzalo Trenor López na data 13/01/2026 11:20:25
Manuel Santos Costa na data 13/01/2026 11:20:48
Juan Manuel Casares Gándara na data 13/01/2026 11:20:54
Miguel Fidalgo Iglesias na data 13/01/2026 11:21:08
Julio García Comesaña na data 13/01/2026 11:21:17
Patricia García González na data 13/01/2026 11:21:26
Alberto Pazos Couñago na data 13/01/2026 11:21:38
Noelia Pérez López na data 13/01/2026 11:21:45



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 11:23:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 11:23:09
Nº Rexistro: 45129
Data envío: 13/01/2026 11:23:09.864

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Muhfx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**PARLAMENTO
DE GALICIA****PARLAMENTO DE GALICIA**
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 11:28:30
Nº Rexistro: 45131
Data envío: 13/01/2026 11:28:30.181Asinado o día 13/01/26
11:27
Por Moisés Rodríguez

Á Mesa do Parlamento

Roberto Rodríguez Martínez, Cristina Campero Dorado, Moisés Rodríguez Pérez, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Tanto o Parlamento de Galicia como o Goberno galego veñen tempo demandando lealdade institucional e compromiso do Goberno central coa nosa comunidade en materia de conexións e infraestruturas relacionadas coa mobilidade.

A situación lonxe de corrixirse parece empeorar co paso do tempo, ata o punto de que desde o Ministerio competente nestas materias non se facilita información á administración autonómica sobre os proxectos, prazos e investimentos comprometidos.

Son constantes os anuncios e promesas que non se materializan e as principais obras e conexións prometidas de titularidade estatal acumulan retrasos constantes. Esta evidente falta de avances só se pode explicar pola falta de compromiso con Galicia do Goberno de coalición que preside Pedro Sánchez.

A isto hai que engadir, o incumprimento sistemático do pacto de investidura selado entre o PSOE e o BNG que amosa a renuncia de ambas forzas políticas a impulsar eixes de comunicación estratéxicos para Galicia. O Executivo estatal nin avanza na planificación dos tramos comprometidos para impulsar estas infraestruturas viarias, nin habilita os investimentos correspondentes.

En contraste con esta situación a Xunta de Galicia continúa a súa aposta por incrementar os quilómetros das vías de alta capacidade e variantes, libres de peaxe e avanza nas infraestruturas orientadas a fomentar a intermodalidade en Galicia.

Asinado o día 13/01/2026 ás
11:27
Por Cristina Campero DoradoAsinado o día 13/01/2026 ás
11:26
Por Roberto Rodríguez Martínez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia



@GrupoPopularGal





É polo que, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai o Goberno galego da falta de avances en materia de infraestruturas viarias de titularidade estatal en Galicia?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Roberto Rodríguez Martínez na data 13/01/2026 11:26:51

Cristina Campero Dorado na data 13/01/2026 11:27:02

Moisés Rodríguez Pérez na data 13/01/2026 11:27:12

José Luis Ferro Iglesias na data 13/01/2026 11:27:24

Rubén Lorenzo Gómez na data 13/01/2026 11:27:36

Argimiro Marnotes Fernández na data 13/01/2026 11:27:47

Carmen Pomar Tojo na data 13/01/2026 11:27:58

Gonzalo Trenor López na data 13/01/2026 11:28:06

Katherinie Varela Fernández na data 13/01/2026 11:28:15



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 11:28:30
Nº Rexistro: 45131
Data envío: 13/01/2026 11:28:30.181

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 11:28:31

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 11:33:56
Nº Rexistro: 45135
Data envío: 13/01/2026 11:33:56,471

Asinado o día 13/01/2026 ás 11:32
Por Moisés Rodríguez

Á Mesa do Parlamento

Roberto Rodríguez Martínez, Cristina Campero Dorado, Moisés Rodríguez Pérez, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A día de hoxe, o Goberno de España foi incapaz de explicar por que non elaborou e presentou o estudo sobre as vías xurídicas para a anulación da prórroga e a valoración dos custos económicos que tería para o Estado a asunción da xestión directa da autoestrada AP-9.

Todo iso a pesar de que son varios os acordos, tanto no Parlamento de Galicia como nas Cortes Xerais que supoñen unha obriga ao Goberno de España nese mesmo sentido e que insistían na oportunidade de dispoñer dese estudo.

O obxectivo é coñecer con transparencia cales son eses cálculos e que esta avaliación favoreza a toma de decisións políticas ao redor do futuro da autopista do Atlántico, unha das infraestruturas viarias máis importantes para a vertebración do territorio galego.

O desprezo do Goberno Sánchez é tal que mesmo desoe as iniciativas lexislativas e non lexislativas aprobadas por unanimidade dos deputados que forman o Parlamento de Galicia, incluídos os nove deputados socialistas.

Por citar os exemplos máis significativos, o 25 de setembro de 2024, unha proposición non de lei aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia neste mesmo sentido.

Asinado o día 13/01/2026 ás 11:32
Por Cristina Campero Dorado

Asinado o día 13/01/2026 ás 11:32
Por Roberto Rodríguez Martínez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





En segundo lugar, este mesmo ano, o 26 de febreiro: o Pleno do Parlamento de Galicia aproba por unanimidade unha proposición non de lei instando a que non se bloquee a transferencia da AP-9 a Galicia e instando a realización deste estudo.

Desta situación non parece ser moi consciente o PSdeG tendo en conta que os seus dirixentes -mesmo no recente congreso político autonómico- prometen chegar á liberación das peaxes, promesa que tamén formularon en campaña electoral e que se converteu nun incumprimentos máis que manifesto.

De calquera xeito, para Galicia é prioritario poder considerar os custos que xa soporta hoxe o Estado para financiar as actuais bonificacións e as peaxes na sombra, pero tamén os que quedan ata o fin da concesión.

Ante a pasividade do Goberno de España, a Xunta de Galicia si foi capaz de mover ficha e facilitou o estudo destes temas, cos datos dispoñibles, e encargou en xuño de 2024, unha análise sobre o custe pormenorizado do que podería supoñer o rescate e outros escenarios da transferencia e da propia gratuidade.

Ese estudo púxose en setembro de 2024 ao dispor do ministerio, e cifraba un valor desde 526 millóns de euros no escenario simplemente de transferencia máis as bonificacións, e que podía chegar ata os 2.355 millóns de euros no suposto máis gravoso.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai o Goberno galego da negativa do Goberno de España a cumprir o mandatos que lle obrigan a elaborar e presentar un estudo sobre o custe do que podería supoñer o rescate e outros escenarios como o da gratuidade da AP-9?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Roberto Rodríguez Martínez na data 13/01/2026 11:32:03
Cristina Campero Dorado na data 13/01/2026 11:32:12
Moisés Rodríguez Pérez na data 13/01/2026 11:32:25
José Luis Ferro Iglesias na data 13/01/2026 11:32:39
Rubén Lorenzo Gómez na data 13/01/2026 11:32:49
Argimiro Marnotes Fernández na data 13/01/2026 11:33:00
Carmen Pomar Tojo na data 13/01/2026 11:33:11
Gonzalo Trenor López na data 13/01/2026 11:33:18
Katherinie Varela Fernández na data 13/01/2026 11:33:34



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 11:33:56
Nº Rexistro: 45135
Data envío: 13/01/2026 11:33:56.471

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 11:33:57

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Muhfx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 11:34:06
Nº Rexistro: 45136
Data envío: 13/01/2026 11:34:06.417

Asinado o día 13/01/26
11:31
Por Manuel Santos C

Á Mesa do Parlamento

Cristina Sanz Arias, Gonzalo Trenor López, Manuel Santos Costa, Juan Manuel Casares Gándara, Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, José Alberto Pazos Couñago e Noelia Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

Actualmente os Orzamentos Xerais do Estado en vigor son os de 2023, é dicir, da pasada lexislatura, que están prorrogados desde ese ano ante a incapacidade do goberno central para aprobalos. Ademais o Goberno central tampouco conseguiu que se aprobasen os obxectivos de estabilidade para os anos 2024, 2025 e 2026, é dicir desde que se retomou a aplicación das regras fiscais despois de que entre os anos 2020 e 2023 estivesen suspendidas.

O pasado 17 de novembro, o Goberno central convocou, con meses de retraso pois debería haberse producido no mes de xullo, o Consello de Política Fiscal e Financeira para presentarlle as CCAA a senda de estabilidade para 2026 como paso previo á presentación dos Orzamentos Xerais do Estado para 2026.

O Goberno galego, unha vez mais, transmitiu a súa decepción porque non se aproveitara este CPFF para abordar en serio o financiamento das comunidades autónomas que é o que realmente precisan e que o goberno central leva retrasando desde fai anos. Mentres se estaba levando a cabo a reunión do CPFF o goberno galego estaba debatendo, cos Grupos da oposición, no Parlamento de Galicia os Orzamentos para 2026 e que xa foran remitidos, en tempo e forma, á Cámara galega.

Estes Orzamentos foron aprobados o 16 de decembro no Pleno do Parlamento de Galicia o que permite, un ano mais, que Galicia dispoña dos seus orzamentos o 1 de xaneiro de 2026 para dar solución aos problemas dos galegos e das galegas e para seguir dando estabilidade a nosa CCAA.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan as seguintes preguntas:

1. Como valora o goberno galego a estratexia do Goberno central de cara a intentar aprobar uns Orzamentos para 2026 ?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

Asinado o día 13/01/2026 ás
11:31
Por Cristina Sanz Arias

Asinado o día 13/01/2026 ás
11:31
Por Gonzalo Trenor López

Asinado o día 13/01/26
11:31
Por Manuel Santos C



Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Asinado dixitalmente por:

Cristina Sanz Arias na data 13/01/2026 11:31:22
Gonzalo Trenor López na data 13/01/2026 11:31:28
Manuel Santos Costa na data 13/01/2026 11:31:35
Juan Manuel Casares Gándara na data 13/01/2026 11:31:48
Miguel Fidalgo Iglesias na data 13/01/2026 11:31:56
Julio García Comesaña na data 13/01/2026 11:32:08
Patricia García González na data 13/01/2026 11:32:21
Alberto Pazos Couñago na data 13/01/2026 11:32:35
Noelia Pérez López na data 13/01/2026 11:32:41



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 11:34:06
Nº Rexistro: 45136
Data envío: 13/01/2026 11:34:06.417

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 11:34:07

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**PARLAMENTO
DE GALICIA****PARLAMENTO DE GALICIA**
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 11:39:16
Nº Rexistro: 45143
Data envío: 13/01/2026 11:39:16.414Asinado o día 13/01/26
11:37
Por Moisés Rodríguez

Á Mesa do Parlamento

Roberto Rodríguez Martínez, Cristina Campero Dorado, Moisés Rodríguez Pérez, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A veciñanza das comarcas de Valdeorras, Quiroga e Lemos leva anos de agarda pola execución da Autovía A-76, que conectaría Ponferrada con Ourense, converténdose nunha infraestrutura clave para acceder á meseta desde o interior da comunidade, vertebrando tamén estas zonas das provincias de Lugo e Ourense.

A pesar do seu carácter estratéxico, forma parte da xa longa lista de incumprimentos do Goberno de coalición que preside Pedro Sánchez, en materia de infraestruturas. De feito foi o seu Executivo quen recentemente anunciara a licitación dos treitos entre O Barco e Ponferrada, que tampouco se materializou.

O incumprimento sistemático do pacto de investidura selado entre o PSOE e o BNG está a amosar a renuncia de ambas forzas políticas a impulsar eixes de comunicación estratéxicos para o interior de Galicia como a autovía Ourense-Lugo (A-56) ou a Ponferrada (A-76).

O Executivo estatal nin avanza na planificación dos tramos necesarios para impulsar estas infraestruturas viarias, nin habilita os investimentos correspondentes. A isto hai que engadir a negativa do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible de trasladar aos galegos información rigorosa e transparente sobre o estado destas infraestruturas e as previsións reais que manexa en canto á súa execución.

Asinado o día 13/01/2026 ás
11:37
Por Cristina Campero DoradoAsinado o día 13/01/2026 ás
11:37
Por Roberto Rodríguez Martínez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 11:39:16
Nº Rexistro: 45143
Data envío: 13/01/2026 11:39:16.414

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-iwJ5Muhfx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Que valoración fai o Goberno galego da falta de compromiso do Goberno de España coa execución da Autovía A-76 entre Ourense e Ponferrada?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Roberto Rodríguez Martínez na data 13/01/2026 11:37:32

Cristina Campero Dorado na data 13/01/2026 11:37:44

Moisés Rodríguez Pérez na data 13/01/2026 11:37:57

José Luis Ferro Iglesias na data 13/01/2026 11:38:08

Rubén Lorenzo Gómez na data 13/01/2026 11:38:19

Argimiro Marnotes Fernández na data 13/01/2026 11:38:33

Carmen Pomar Tojo na data 13/01/2026 11:38:47

Gonzalo Trenor López na data 13/01/2026 11:38:54

Katherinie Varela Fernández na data 13/01/2026 11:39:03



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 11:39:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 11:39:16
Nº Rexistro: 45143
Data envío: 13/01/2026 11:39:16.414

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Casares Gándara, Cristina Sanz Arias, Gonzalo Trenor López, Manuel Santos Costa, , Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, José Alberto Pazos Couñago e Noelia Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

A Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público supón para as Administracións Públicas o mandato de redución da temporalidade no emprego público con obxecto de situala por debaixo do 8% seguindo directrices europeas. Así, a Xunta de Galicia, leva facendo un esforzo e cumprindo os prazos previstos na mesma para situar a taxa de temporalidade por debaixo dese obxectivo.

En concreto, no ámbito do Emprego Público en Galicia xa foron convocados 210 procesos selectivos derivados da Lei 20/2021, dos que 151 son polo sistema de concurso de méritos e 59 polo sistema de concurso oposición. Isto significa un total de 5.675 prazas das que 397 se corresponden con prazas convocadas pola quenda de discapacidade.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan as seguintes preguntas:

1. Cal é a valoración da Xunta de Galicia dos procesos de estabilización levados a cabo no marco da Lei 20/2021 de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público?
2. Á vista das conclusións do avogado xeral do Tribunal de Xustiza da Unión Europea en relación coa cuestión prexudicial formulada polo Tribunal Supremo, que se publicaron o 09/10/2025, ¿considera a Xunta de Galicia que hai que realizar algunha reforma na normativa reguladora?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Casares Gándara na data 13/01/2026 11:39:06

Cristina Sanz Arias na data 13/01/2026 11:39:18

Gonzalo Trenor López na data 13/01/2026 11:39:25

Manuel Santos Costa na data 13/01/2026 11:39:35

Miguel Fidalgo Iglesias na data 13/01/2026 11:39:51

Julio García Comesaña na data 13/01/2026 11:40:04

Patricia García González na data 13/01/2026 11:40:12

Alberto Pazos Couñago na data 13/01/2026 11:40:20

Noelia Pérez López na data 13/01/2026 11:40:26



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 11:41:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 11:41:35
Nº Rexistro: 45145
Data envío: 13/01/2026 11:41:35.321

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 11:44:32
Nº Rexistro: 45149
Data envío: 13/01/2026 11:44:32.494

Asinado o día 13/01/2026 ás 11:43
Por Moisés Rodríguez

Á Mesa do Parlamento

Roberto Rodríguez Martínez, Cristina Campero Dorado, Moisés Rodríguez Pérez, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Galicia leva 16 anos reclamando a transferencia da AP-9 para garantir unha xestión eficaz da principal vía que vertebra a comunidade, pero o Goberno de Pedro Sánchez bloquea no Congreso este debate.

A este acto de filibusteirismo político engádeselle agora a perda da oportunidade que se abriu co ditame da Comisión Europea que declaraba a irregularidade das prórrogas da concesión da AP-9 e instaba ao Goberno de España a dar unha resposta.

Pedro Sánchez volve a castigar aos galegos, aos que condena a seguir pagando unha peaxe inxusta, tras rexeitar a oportunidade para rescatar a AP-9 e liberarnos dos pagos, aproveitando a alternativa máis vantaxosa para o interese público.

Cómpre lembrar que o Goberno galego elaborou un novo estudo no que eleva a 2.356M€ o actual custo do rescate, incrementándose substancialmente respecto do anterior cálculo. Canto máis tarde se produza este rescate, será maior o prexuízo para os contribuíntes e usuarios da autoestrada.

A falta de valentía do Goberno de coalición súmaselle tamén a falta de transparencia.

Xa que o Executivo que preside Pedro Sánchez nega a Galicia o contido do expediente aberto pola Comisión Europea, pese a ser reiteradamente demandando desde a Xunta de Galicia.

Asinado o día 13/01/2026 ás 11:43
Por Cristina Campero Dorado

Asinado o día 13/01/2026 ás 11:42
Por Roberto Rodríguez Martínez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Ademais, ata en cinco ocasións solicitouse por carta unha reunión co ministro de Transportes e Mobilidade Sostible, Óscar Puente, para abordar a xestión da autoestrada e presentar o estudo elaborado pola Xunta sobre o custo do rescate e a transferencia, sen que houbera resposta.

Namentres, o Goberno que preside Pedro Sánchez si autoriza a liberación doutras autoestradas de titularidade estatal como é o caso da AP-7 en Alacante, ou en vías que percorren a comunidade autónoma de Cataluña.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Como valora o Goberno galego a negativa do Goberno de España de rescatar a AP-9 aproveitando a oportunidade que supoñía supón o ditame da Comisión Europea que cuestiona as prórrogas da concesión e os recursos que o Ministerio xa ten asignados para a subvención das peaxes?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Roberto Rodríguez Martínez na data 13/01/2026 11:42:50

Cristina Campero Dorado na data 13/01/2026 11:43:02

Moisés Rodríguez Pérez na data 13/01/2026 11:43:13

José Luis Ferro Iglesias na data 13/01/2026 11:43:25

Rubén Lorenzo Gómez na data 13/01/2026 11:43:36

Argimiro Marnotes Fernández na data 13/01/2026 11:43:50

Carmen Pomar Tojo na data 13/01/2026 11:44:02

Gonzalo Trenor López na data 13/01/2026 11:44:10

Katherinie Varela Fernández na data 13/01/2026 11:44:19



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 11:44:32
Nº Rexistro: 45149
Data envío: 13/01/2026 11:44:32.494

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 11:44:33

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 11:49:52
Nº Rexistro: 45157
Data envío: 13/01/2026 11:49:52.484

Asinado o día 13/01/2026 ás 11:48
Por Cristina Campero

Á Mesa do Parlamento

Roberto Rodríguez Martínez, Moisés Rodríguez Pérez, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O Presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, sinalou como un dos principais obxectivos desta lexislatura duplicar o parque público de vivenda e, con tal obxecto, só en 2025 o Goberno galego triplicou o orzamento destinado á vivenda pública e solo residencial.

Avanzando en novas medidas que contribúan a acadar este mesmo obxectivo, o líder do Executivo galego anunciou recentemente que a Xunta de Galicia impulsará un proxecto piloto para adquirir pisos baixos para rehabilitalos e poñelos a disposición como aluguer asequible.

Cómpre lembrar que xa no seu momento Galicia reformou a normativa autonómica para facilitar o cambio de uso de baixos comerciais a vivendas.

O sistema de comercio cambiou e, os baixos que antes eran moi cotizados, agora están sen uso comercial, polo que unha alternativa eficaz é facilitar que a xente poida vivir neses baixos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- En que consiste, máis polo miúdo, o proxecto piloto polo que a Xunta de Galicia adquirirá pisos baixos para rehabilitalos e poñelos a disposición da cidadanía en réxime de aluguer asequible?

Asinado o día 13/01/2026 ás 11:48
Por Moisés Rodríguez Pérez

Asinado o día 13/01/2026 ás 11:48
Por Roberto Rodríguez Martínez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





- 2.- Que outras novidades incorpora a Xunta de Galicia nos seus orzamentos para o ano 2026 relacionadas coa vivenda?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Roberto Rodríguez Martínez na data 13/01/2026 11:48:13

Moisés Rodríguez Pérez na data 13/01/2026 11:48:25

Cristina Campero Dorado na data 13/01/2026 11:48:36

José Luis Ferro Iglesias na data 13/01/2026 11:48:49

Rubén Lorenzo Gómez na data 13/01/2026 11:48:59

Argimiro Marnotes Fernández na data 13/01/2026 11:49:12

Carmen Pomar Tojo na data 13/01/2026 11:49:23

Gonzalo Trenor López na data 13/01/2026 11:49:30

Katherinie Varela Fernández na data 13/01/2026 11:49:40



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 11:49:52
Nº Rexistro: 45157
Data envío: 13/01/2026 11:49:52.484

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 11:49:53

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 11:53:09
Nº Rexistro: 45167
Data envío: 13/01/2026 11:53:09.106

Asinado o día 13/01/26
11:51
Por Gonzalo Trenor L

Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Casares Gándara, Cristina Sanz Arias, Gonzalo Trenor López, Manuel Santos Costa, Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, José Alberto Pazos Couñago e Noelia Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

Recentemente coñeciamos as conclusións do Avogado Xeral do Tribunal de Xustiza da Unión Europea en relación coa cuestión prexudicial formulada polo Tribunal Supremo sobre o abuso da temporalidade no emprego público. Ao abeiro das mesmas resulta interesante coñecer se é preciso impulsar algunha reforma na normativa reguladora.

Ata o de agora, a Xunta de Galicia leva facendo un esforzo sen precedentes para consolidar e dar estabilidade ao seu cadro de persoal e reducir a taxa de temporalidade por debaixo do obxectivo do 8% fixado pola Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

De feito, no ámbito do Emprego Público en Galicia xa foron convocados 210 procesos selectivos derivados da Lei 20/2021, dos que 151 son polo sistema de concurso de méritos e 59 polo sistema de concurso oposición. Isto significa un total de 5.675 prazas das que 397 se corresponden con prazas convocadas pola quenda de discapacidade..

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan as seguintes preguntas:

1. Considera a Xunta de Galicia que hai que realizar algunha reforma na normativa reguladora á vista dos pronunciamentos do Avogado Xeral do Tribunal de Xustiza da Unión Europea en materia de temporalidade no emprego público?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026

Asinado o día 13/01/2026 ás 11:50
Por Juan Manuel Casares
Gándara

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Casares Gándara na data 13/01/2026 11:50:51

Cristina Sanz Arias na data 13/01/2026 11:51:05

Gonzalo Trenor López na data 13/01/2026 11:51:10

Manuel Santos Costa na data 13/01/2026 11:51:17

Miguel Fidalgo Iglesias na data 13/01/2026 11:51:25

Julio García Comesaña na data 13/01/2026 11:51:39

Patricia García González na data 13/01/2026 11:51:46

Alberto Pazos Couñago na data 13/01/2026 11:52:04

Noelia Pérez López na data 13/01/2026 11:52:10



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 11:53:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 11:53:09
Nº Rexistro: 45167
Data envío: 13/01/2026 11:53:09.106

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 11:58:38
Nº Rexistro: 45177
Data envío: 13/01/2026 11:58:38,677

Asinado o día 13/01/26
11:56
Por Gonzalo Trenor L

Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Casares Gándara, Cristina Sanz Arias, Gonzalo Trenor López, Manuel Santos Costa, Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, José Alberto Pazos Couñago e Noelia Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

En Galicia xa foron convocados 210 procesos selectivos derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, dos que 151 son polo sistema de concurso de méritos e 59 polo sistema de concurso oposición.

Isto significa un total de 5.675 prazas das que 397 se corresponden con prazas convocadas pola quenda de discapacidade.

A normativa vixente establece un mandato de redución da temporalidade no emprego público con obxecto de situala por debaixo do 8% seguindo directrices europeas, un fito acadado en Galicia, logo dun notable esforzo económico e organizativo.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan as seguintes preguntas:

1. Cal é a valoración da Xunta de Galicia dos procesos de estabilización levados a cabo no marco da Lei 20/2021 de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026

Asinado o día 13/01/2026 ás 11:56
Por Juan Manuel Casares
Gándara

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Casares Gándara na data 13/01/2026 11:56:39

Cristina Sanz Arias na data 13/01/2026 11:56:50

Gonzalo Trenor López na data 13/01/2026 11:56:57

Manuel Santos Costa na data 13/01/2026 11:57:04

Miguel Fidalgo Iglesias na data 13/01/2026 11:57:11

Julio García Comesaña na data 13/01/2026 11:57:18

Patricia García González na data 13/01/2026 11:57:24

Alberto Pazos Couñago na data 13/01/2026 11:57:33

Noelia Pérez López na data 13/01/2026 11:57:40



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 11:58:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 11:58:38
Nº Rexistro: 45177
Data envío: 13/01/2026 11:58:38,677

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 12:08:31
Nº Rexistro: 45178
Data envío: 13/01/2026 12:08:31.122

Asinado o día 13/01/2026 ás 12:06
Por Roberto Rodríguez

Á Mesa do Parlamento

Felisa Rodríguez Carrera, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Cristina Campero Dorado, Moisés Rodríguez Pérez, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A estrada N-550 é unha das principais vías de comunicación de Galicia e atravesa o concello pontevedrés de Mos, coincidindo en varios puntos co Camiño de Santiago e soportando un intenso tráfico, tanto lixeiro como pesado, derivado da súa proximidade a distintos polígonos industriais.

O tramo comprendido entre a gasoleira de Os Valos e a entrada de Pombal-Tablado, na parroquia de Louredo, é especialmente perigoso, pois carece en parte de beiravías, o que obriga a peóns e peregrinos a circular pola calzada, con evidente risco para a súa seguridade.

O Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana elaborou o proxecto "Remodelación da intersección da estrada N-550 no punto quilométrico 148+650 (Louredo, Mos)", cun orzamento estimado de 582.432,27 euros, aprobado definitivamente segundo o Boletín Oficial do Estado do 9 de outubro de 2024.

Porén, este proxecto, que supón unha demanda histórica dos veciños e do propio Concello de Mos, non conta con consignación nos Presupostos Xerais do Estado vixentes, o que impide a súa licitación e execución.

A situación resulta especialmente grave tratándose dunha obra xa aprobada, de baixo custo e gran impacto en termos de seguridade viaria e convivencia cidadá. A falta de compromiso orzamentario por parte do Goberno central atrasa unha vez máis unha actuación tan necesaria como reclamada, que conta co apoio da Xunta de Galicia e das administracións locais implicadas.

Asinado o día 13/01/2026 ás 12:06
Por Julio García Comesaña

Asinado o día 13/01/2026 ás 12:06
Por María Felisa Rodríguez Carrera

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:
Que valoración fai o Goberno galego da falta de consignación orzamentaria nos Presupostos Xerais do Estado para executar o proxecto de remodelación da intersección da estrada N-550 ao seu paso pola parroquia de Louredo, no concello de Mos?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

María Felisa Rodríguez Carrera na data 13/01/2026 12:06:27

Julio García Comesaña na data 13/01/2026 12:06:36

Roberto Rodríguez Martínez na data 13/01/2026 12:06:45

Cristina Campero Dorado na data 13/01/2026 12:06:58

Moisés Rodríguez Pérez na data 13/01/2026 12:07:10

José Luis Ferro Iglesias na data 13/01/2026 12:07:21

Rubén Lorenzo Gómez na data 13/01/2026 12:07:32

Argimiro Marnotes Fernández na data 13/01/2026 12:07:46

Carmen Pomar Tojo na data 13/01/2026 12:07:57

Gonzalo Trenor López na data 13/01/2026 12:08:05

Katherinie Varela Fernández na data 13/01/2026 12:08:15



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 12:08:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 12:08:31
Nº Rexistro: 45178
Data envío: 13/01/2026 12:08:31.122

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 12:20:42
Nº Rexistro: 45182
Data envío: 13/01/2026 12:20:42.928

Asinado o día 13/01/2026 ás 12:18
Por Roberto Rodríguez

Á Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Cristina Sanz Arias, Roberto Rodríguez Martínez, Cristina Campero Dorado, Moisés Rodríguez Pérez, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A Xunta de Galicia vén realizando un importante esforzo investidor en materia de infraestruturas seguras e sostibles, en particular co desenvolvemento do Plan de Sendas da Rede Autonómica de Carreteras de Galicia, que ten como obxectivos mellorar a mobilidade peonil e ciclista, incrementar a seguridade viaria e fomentar modos de transporte máis respectuosos co medio ambiente.

Na provincia de Lugo, este compromiso concretouse recentemente co anuncio da construción dunha nova senda peonil na estrada LU-234, en Ombreiro (Lugo), que suporá un investimento de máis de 1,2 millóns de euros e permitirá mellorar a seguridade e a calidade de vida dos veciños e veciñas da zona.

Esta actuación súmase a outros investimentos en sendas que a Consellería Vivenda e Planificación de Infraestruturas está a impulsar en distintos concellos lucenses, e constitúe un exemplo máis do compromiso do Goberno galego con Lugo e co desenvolvemento de infraestruturas que achegan benestar e seguridade á cidadanía.

Neste contexto, resulta oportuno coñecer con detalle a avaliación da Xunta sobre o impacto desta actuación, así como os plans de futuro en materia de sendas na provincia de Lugo.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

Asinado o día 13/01/2026 ás 12:18
Por Cristina Sanz Arias

Asinado o día 13/01/2026 ás 12:18
Por Elena Candia López

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





- 1.- Que valoración fai o Goberno galego do investimento na nova senda peonil na estrada LU-234, en Ombreiro (Lugo)?
- 2.- Como encaixa esta actuación no conxunto dos investimentos que a Xunta de Galicia está a desenvolver na provincia de Lugo dentro do Plan de Sendas de Galicia?
- 3.- Cal é a planificación temporal deste proxecto e cal é a data prevista para a súa finalización?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Elena Candia López na data 13/01/2026 12:18:33
Cristina Sanz Arias na data 13/01/2026 12:18:47
Roberto Rodríguez Martínez na data 13/01/2026 12:18:56
Cristina Campero Dorado na data 13/01/2026 12:19:10
Moisés Rodríguez Pérez na data 13/01/2026 12:19:22
José Luis Ferro Iglesias na data 13/01/2026 12:19:33
Rubén Lorenzo Gómez na data 13/01/2026 12:19:45
Argimiro Marnotes Fernández na data 13/01/2026 12:19:59
Carmen Pomar Tojo na data 13/01/2026 12:20:10
Gonzalo Trenor López na data 13/01/2026 12:20:18
Katherinie Varela Fernández na data 13/01/2026 12:20:27



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 12:20:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 12:20:42
Nº Rexistro: 45182
Data envío: 13/01/2026 12:20:42.928

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Cristina Campero Dorado, Moisés Rodríguez Pérez, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A Xunta de Galicia está a executar desde a primavera de 2025 as obras de urbanización do ámbito autonómico da ETEA, correspondente ao PS-6, nunha superficie superior aos 20.000 m² entre as instalacións deportivas e a Praza de Armas. As actuacións inclúen demolicións, movementos de terras, novos viarios, canalizacións de servizos e muros de contención, avanzando segundo o calendario previsto, co obxectivo de rematar no segundo semestre de 2026.

As obras neste ámbito PS6 permitirán, ademais, garantir o subministro dos servizos básicos para a construción da residencia de maiores pública autonómica que construírá a Fundación Amancio Ortega. A Xunta está a cumprir os compromisos adquiridos coa cidade de Vigo, tanto no investimento como na planificación, garantindo un proxecto integral e coherente coa recuperación da antiga ETEA para uso cidadán.

Con todo, permanece pendente a sinatura do convenio entre a Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca para o desenvolvemento do PS-1: o vial principal que verteбра todo o ámbito da ETEA, así como as conexións das redes de servizos. A Xunta manifestou por escrito, e en reiteradas ocasións, a súa disposición a asumir integramente o investimento, cifrado en 10,5 millóns de euros.





A demora na sinatura do convenio por parte do Concello de Vigo e da Zona Franca compromete a planificación global da ETEA e impide avanzar en actuacións fundamentais nestes ámbitos.

Por todo isto, e no marco da colaboración institucional que debe presidir a recuperación da ETEA, é necesario instar a ambas as institucións a desbloquear de inmediato o convenio pendente.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

De que xeito está a contribuír a Xunta de Galicia a desenvolver e recuperar para a cidadanía as antigas instalacións da ETEA en Vigo, nomeadamente, no que se refire á urbanización desta contorna e aos seus accesos nos diferentes ámbitos, e como valora a colaboración por parte do Concello de Vigo e da Zona Franca para poder acometer estas actuacións?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Patricia García González na data 13/01/2026 12:30:53
Miguel Fidalgo Iglesias na data 13/01/2026 12:31:02
Julio García Comesaña na data 13/01/2026 12:31:11
Roberto Rodríguez Martínez na data 13/01/2026 12:31:20
Cristina Campero Dorado na data 13/01/2026 12:31:32
Moisés Rodríguez Pérez na data 13/01/2026 12:31:42
José Luis Ferro Iglesias na data 13/01/2026 12:31:53
Rubén Lorenzo Gómez na data 13/01/2026 12:32:04
Argimiro Marnotes Fernández na data 13/01/2026 12:32:17
Carmen Pomar Tojo na data 13/01/2026 12:32:28
Gonzalo Trenor López na data 13/01/2026 12:32:37
Katherinie Varela Fernández na data 13/01/2026 12:32:46



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 12:33:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 12:33:04
Nº Rexistro: 45184
Data envío: 13/01/2026 12:33:04.592

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 13/01/26
12:37
Por Iria Taibo Corsan

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Cristina Fernández Davila, Iria Taibo Corsanego e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a situación dos Equipos de dinamización da lingua galega dos centros educativos.

Asinado o día 13/01/2026 ás
12:37
Por Cristina Fernández Davila

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao longo dos últimos 16 anos de goberno, o PP limitouse a reiterar de forma mimética a convocatoria de axudas aos proxectos de fomento do uso do galego presentados polos Equipos de Dinamización da Lingua Galega dos centros educativos que iniciara o goberno bipartito, mais sen ter feito nunca ningunha avaliación.

No entanto, o cativo orzamento destinado a cada convocatoria desde a actual Secretaría Xderal da Lingua, así como a falta de correspondencia e adecuación da convocatoria de axudas ao calendario lectivo (adoita ser publicada en xaneiro, rematado o primeiro trimestre escolar, e resolta na fin de curso) crea grandes prexuízos á hora de planificar e desenvolver o propio proxecto presentado polos centros, tal e como foi cuestionado polo profesorado que asume a coordinación e colaboración cos equipos como unha responsabilidade extraordinaria ao seu traballo docente.

Chama a atención que, nun momento de máxima preocupación sobre a dramática situación sociolingüística actual e onde a escola é identificada como un dos espazos principais de desgaleguización do alumnado, o goberno non teña actualizados os criterios da convocatoria. De feiro, sorprende que reiniciado o segundo trimestre

Asinado o día 13/01/2026 ás
12:37
Por Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

escolar o pasado 8 de xaneiro, a día de hoxe aínda non se teña publicado no DOG a convocatoria para o presente curso.

Conclúese que o goberno do PP manifesta nulo interese para lle dar unha resposta axeitada e adaptada ao presente da aprendizaxe da lingua na escola para impulsar o labor e as funcións dos Equipos de dinamización da lingua galega, que levan anos navegando sen rumbo ao ter renunciado o PP a dotalos da necesaria formación específica en normalización e dinamización da lingua galega e da orientación en liñas de accións verdadeiramente normalizadoras en función do contexto sociolingüístico de cada centro.

O CCG acaba de presentar a *Análise da situación dos SNL da Administración pública galega e dos EDLG dos centros de ensino* onde conclúe que o futuro da política lingüística de proximidade en Galiza pasa por reforzar a estrutura e a coordinación dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega cos Servizos de Normalización Lingüística municipais, así como garantir financiamento estábel e formación específica, e facer visíbeis os seus resultados para a sociedade.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Que avaliación fai o goberno do cumprimento dos obxectivos e funcións que regulan os Equipos de dinamización da lingua galega?
- Entende que están a dar resposta ás funcións que determina o Decreto 79/2010 ou precisan dunha actualización á realidade sociolingüística actual?
- Ten elaborado algunha avaliación a Xunta do traballo desenvolvido no tempo polos EDLG??





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Pensa o goberno da Xunta que as coordinacións provinciais están a cumprir os obxectivos para os que foron creadas?

- Que actividades de formación está a planificar o goberno da Xunta dirixidos tanto a responsábeis da coordinación como a membros dos EDLG?

- Que formación recibe o profesorado que accede por primeira vez á coordinación dun EDLG?

- Considera o goberno que acceder a unha axuda máxima de entre 270 e 1.200 euros permite desenvolver un proxecto de fomento de uso do galego de relevancia nun centro educativo ao longo dun curso?

- Como ten avaliado a Secretaría Xeral de Lingua o resultado das convocatorias de axudas para fomento do uso do galego nos centros educativos?

- Por que non teñen mudado as bases da convocatoria en ningún momento nos últimos 16 anos? Pensa o goberno que a realidade sociolingüística non mudou?

- Á vista dos actuais datos de coñecemento e uso do galego publicados polo IGE, entende o goberno que permanecer na inercia dunha convocatoria de axudas rutineira é a mellor proposta para motivar os EDLG dos centros educativos?

- Ten previsto impulsar novas accións vinculadas á reactivación dos EDLG nos centros educativos?

- Como vai aplicar a Xunta as propostas que achega o informe do CCG?

- Que política lingüística vai impulsar a Xunta para os Equipos de dinamización da lingua galega ao longo da presente lexislatura?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 13/01/2026 12:37:14

Cristina Fernández Davila na data 13/01/2026 12:37:23

Iria Taibo Corsanego na data 13/01/2026 12:37:31

Daniel Castro García na data 13/01/2026 12:37:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 12:38:52
Nº Rexistro: 45186
Data envío: 13/01/2026 12:38:52.921

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 12:38:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 12:38:52
Nº Rexistro: 45186
Data envío: 13/01/2026 12:38:52.921

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 12:54:56
Nº Rexistro: 45192
Data envío: 13/01/2026 12:54:56.561

Asinado o día 13/01/26
12:53
Por Cristina Campero

Á Mesa do Parlamento

Moisés Rodríguez Pérez, Roberto Rodríguez Martínez, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A lei estatal polo dereito á vivenda foi elaborada polo Goberno de España sen ter en conta ás comunidades autónomas e invadindo as súas competencias, esta circunstancia levou á presentación de recursos de inconstitucionalidade por varias delas, incluída Galicia.

Esta normativa establece a posibilidade de declarar zonas de mercado residencial tensionado. Unha medida que inclúe a adopción nesas zonas de medidas como a limitación do prezo do alugueiro, pese a que xa demostraron a súa inutilidade, e incluso efectos contrarios aos desexados, en diversas cidades europeas.

Para aclarar a indefinición desa lei en determinados aspectos, a Xunta de Galicia introduciu na Lei de vivenda de Galicia o procedemento para a declaración de ditas zonas tensionadas, indicando que será o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) quen realice a declaración, a solicitude dos concellos, que deberán achegar, xunto coa solicitude, a documentación requirida na devandita lei estatal.

Varios concellos manifestaron o seu interese na declaración de zona tensionada e mesmo nalgún caso chegaron a afirmar que xa presentaran a solicitude.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cantos concellos galegos presentaron solicitude de declaración de zona de mercado residencial tensionado?

Asinado o día 13/01/2026 ás
12:53
Por Roberto Rodríguez Martínez

Asinado o día 13/01/2026 ás
12:53
Por Moisés Rodríguez Pérez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 12:54:56
Nº Rexistro: 45192
Data envío: 13/01/2026 12:54:56.561

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-iwJ5Muhfx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Moisés Rodríguez Pérez na data 13/01/2026 12:53:01
Roberto Rodríguez Martínez na data 13/01/2026 12:53:12
Cristina Campero Dorado na data 13/01/2026 12:53:22
José Luis Ferro Iglesias na data 13/01/2026 12:53:37
Rubén Lorenzo Gómez na data 13/01/2026 12:53:48
Argimiro Marnotes Fernández na data 13/01/2026 12:54:02
Carmen Pomar Tojo na data 13/01/2026 12:54:16
Gonzalo Trenor López na data 13/01/2026 12:54:24
Katherinie Varela Fernández na data 13/01/2026 12:54:42



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 12:54:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 12:54:56
Nº Rexistro: 45192
Data envío: 13/01/2026 12:54:56.561

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:00:05
Nº Rexistro: 45194
Data envío: 13/01/2026 13:00:05.896

Asinado o día 13/01/26
12:58
Por Cristina Campero

Á Mesa do Parlamento

Moisés Rodríguez Pérez, Roberto Rodríguez Martínez, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A lei estatal polo dereito á vivenda foi elaborada polo Goberno de España sen ter en conta ás comunidades autónomas e invadindo as súas competencias, esta circunstancia levou á presentación de recursos de inconstitucionalidade por varias delas, incluída Galicia.

Esta normativa establece a posibilidade de declarar zonas de mercado residencial tensionado. Unha medida que inclúe a adopción nesas zonas de medidas como a limitación do prezo do alugueiro, pese a que xa demostraron a súa inutilidade, e incluso efectos contrarios aos desexados, en diversas cidades europeas.

Para aclarar a indefinición desa lei en determinados aspectos, a Xunta de Galicia introduciu na Lei de vivenda de Galicia o procedemento para a declaración de ditas zonas tensionadas, indicando que será o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) quen realice a declaración, a solicitude dos concellos, que deberán achegar, xunto coa solicitude, a documentación requirida na devandita lei estatal.

Varios concellos manifestaron o seu interese na declaración de zona tensionada e mesmo nalgún caso chegaron a afirmar que xa presentaran a solicitude.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- En que consiste o procedemento a seguir para a declaración de zona tensionada?

Asinado o día 13/01/2026 ás
12:58
Por Roberto Rodríguez Martínez

Asinado o día 13/01/2026 ás
12:58
Por Moisés Rodríguez Pérez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





- 2.- Cantos concellos galegos presentaron solicitude de declaración de zona de mercado residencial tensionado? ¿Cales?
- 3.- Que efectos terá dita declaración no caso de realizarse?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Moisés Rodríguez Pérez na data 13/01/2026 12:58:30

Roberto Rodríguez Martínez na data 13/01/2026 12:58:38

Cristina Campero Dorado na data 13/01/2026 12:58:49

José Luis Ferro Iglesias na data 13/01/2026 12:59:00

Rubén Lorenzo Gómez na data 13/01/2026 12:59:10

Argimiro Marnotes Fernández na data 13/01/2026 12:59:23

Carmen Pomar Tojo na data 13/01/2026 12:59:35

Gonzalo Trenor López na data 13/01/2026 12:59:43

Katherinie Varela Fernández na data 13/01/2026 12:59:51



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 13:00:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:00:05
Nº Rexistro: 45194
Data envío: 13/01/2026 13:00:05.896

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Moisés Rodríguez Pérez, Nicole Grueira Fernández, Roberto Rodríguez Martínez, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O acceso á vivenda é un dos principais desafíos aos que se enfronta a mocidade galega. As dificultades para emanciparse, xa sexa por prezos elevados, inseguridade no mercado ou falta de oferta accesible, seguen a ser unha realidade que condiciona proxectos de vida e oportunidades de futuro.

A Xunta de Galicia, consciente desta realidade, está a actuar con decisión, poñendo en marcha distintas medidas para tentar revertir esta situación: axudas directas á compra e aluguer, aloxamentos compartidos, ampliación do parque público de vivenda, programas de rehabilitación de vivendas, bono emancípate, bonificacións fiscais, cubre o 20% dos avais para a hipoteca, entre outras.

Estas políticas buscan facilitar a emancipación xuvenil, garantindo o acceso a unha vivenda digna, segura e accesible.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cales son as medidas que puxo en marcha a Xunta de Galicia para facilitar o acceso á vivenda por parte da mocidade?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Moisés Rodríguez Pérez na data 13/01/2026 13:04:06
Nicole Grueira Fernández na data 13/01/2026 13:04:18
Roberto Rodríguez Martínez na data 13/01/2026 13:04:26
Cristina Campero Dorado na data 13/01/2026 13:04:38
José Luis Ferro Iglesias na data 13/01/2026 13:04:50
Rubén Lorenzo Gómez na data 13/01/2026 13:05:02
Argimiro Marnotes Fernández na data 13/01/2026 13:05:14
Carmen Pomar Tojo na data 13/01/2026 13:05:29
Gonzalo Trenor López na data 13/01/2026 13:05:38
Katherinie Varela Fernández na data 13/01/2026 13:05:48



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 13:06:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:06:02
Nº Rexistro: 45196
Data envío: 13/01/2026 13:06:02.664

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:11:39
Nº Rexistro: 45199
Data envío: 13/01/2026 13:11:39.966

Asinado o día 13/01/2026 ás 13:10
Por Cristina Campero

Á Mesa do Parlamento

Moisés Rodríguez Pérez, Roberto Rodríguez Martínez, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A vivenda, segundo reflicten todos os estudos estatísticos, é unha das principais preocupacións para a cidadanía, tanto residente nas grandes cidades como en pequenos concellos.

Neste contexto, e sempre afrontando os novos retos, a Xunta de Galicia promove os fondos de cooperación cós concellos en materia de vivenda.

O primeiro deles, o fondo de cooperación está dirixidos ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes. Trátase, máis en concreto, de préstamos sen xuros que os concellos deben devolver no prazo máximo de oito anos.

En segundo lugar, un novo fondo de cooperación, que ten como obxectivo o apoio financeiro da promoción de vivenda protexida de nova construción en todos os concellos de Galicia, independentemente do número de habitantes, ofrecendo financiación total ou parcial coa que afrontar gastos como a urbanización de terreos, a edificación e a adquisición de solo destinado a este mesmo fin.

O anuncio afonda no compromiso da Xunta de Galicia de traballar de maneira próxima con todos os concellos, buscando mellorar a situación dos galegos por medio da cooperación con outras administracións, en consideración á crecente demanda de vivenda e á necesidade de facilitar o acceso a esta para os nosos cidadáns, especialmente para a mocidade e os colectivos máis vulnerables.

Asinado o día 13/01/2026 ás 13:09
Por Roberto Rodríguez Martínez

Asinado o día 13/01/2026 ás 13:09
Por Moisés Rodríguez Pérez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

En que consisten os Fondos de Cooperación cos concellos que a Xunta de Galicia ten en marcha en materia de vivenda?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Moisés Rodríguez Pérez na data 13/01/2026 13:09:44

Roberto Rodríguez Martínez na data 13/01/2026 13:09:53

Cristina Campero Dorado na data 13/01/2026 13:10:06

José Luis Ferro Iglesias na data 13/01/2026 13:10:22

Rubén Lorenzo Gómez na data 13/01/2026 13:10:39

Argimiro Marnotes Fernández na data 13/01/2026 13:10:55

Carmen Pomar Tojo na data 13/01/2026 13:11:07

Gonzalo Trenor López na data 13/01/2026 13:11:14

Katherinie Varela Fernández na data 13/01/2026 13:11:24



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 13:11:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:11:39
Nº Rexistro: 45199
Data envío: 13/01/2026 13:11:39.966

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Valcárcel Armesto e Secundino Fernández Fernández, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a integración de comunidades de montes nos plans de prevención de incendios e na xestión forestal sustentable.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os incendios forestais son a maior ameaza do noso territorio. Con máis do 60% da superficie galega sendo forestal, a prevención non é opcional: é estratéxica. E en iso, as comunidades de montes teñen un papel irremplazable.

Unha comunidade de montes ben organizada, con financiamento para traballos preventivos e con persoal motivado, é máis capaz de manter o monte limpo, de responder rápido a lumes incipientes e de facer loita activa contra incendios que calquera xestión privada ou pública dispersa.

Diante disto, fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

Están as comunidades de montes plenamente integradas nos plans comarcais de prevención?

Existe financiamento estable para traballos de desbroce preventivo en montes comunais, con contratación local?

Como se compatibiliza a prevención coa xeración de emprego e renda nas propias comunidades?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026

Asinado o día 13/01/2026 ás 13:14
Por Secundino Fernández
Fernández

Asinado o día 13/01/2026 ás
13:14
Por Montserrat Valcárcel Armesto



Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 13/01/2026 13:14:45

Secundino Fernández Fernández na data 13/01/2026 13:14:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:16:32
Nº Rexistro: 45204
Data envío: 13/01/2026 13:16:32.092

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 13:16:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:16:32
Nº Rexistro: 45204
Data envío: 13/01/2026 13:16:32.092

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Muhfx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Moisés Rodríguez Pérez, Elena Candia López, Cristina Sanz Arias, Roberto Rodríguez Martínez, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O Goberno galego segue avanzando no seu obxectivo de duplicar o parque público de vivenda de Galicia nesta lexislatura. Con esta finalidade ten en marcha diferentes medidas que buscan ser solucións reais, pragmáticas e eficaces ante o reto que supón favorecer o acceso a unha vivenda con prezos accesibles.

O obxectivo é que ningún galego, especialmente entre a mocidade, vexa truncado o seu futuro por non dispoñer de algo tan básico como un teito no que comezar a formar a súa propia vida de xeito independente.

Así por exemplo desde a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, se están a presentar diferentes proxectos residencias na cidade de Lugo, en particular na zona de Garabolos.

As diferentes iniciativas proxectadas inclúen tanto vivenda destinada a aluguer como en venda e, en moitos casos, especialmente destinada a menores de 36 anos con interese en adquirir vivenda pública.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cantas promocións de vivenda pública prevé desenvolver o Goberno galego na cidade de Lugo e con que características?
- 2.- Que outras medidas ten en marcha o Goberno galego para a rehabilitación de vivenda en conxuntos históricos?





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:17:39
Nº Rexistro: 45206
Data envío: 13/01/2026 13:17:39.407

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-iwJ5Muhfx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Moisés Rodríguez Pérez na data 13/01/2026 13:15:35
Elena Candia López na data 13/01/2026 13:15:46
Cristina Sanz Arias na data 13/01/2026 13:15:59
Roberto Rodríguez Martínez na data 13/01/2026 13:16:08
Cristina Campero Dorado na data 13/01/2026 13:16:26
José Luis Ferro Iglesias na data 13/01/2026 13:16:36
Rubén Lorenzo Gómez na data 13/01/2026 13:16:46
Argimiro Marnotes Fernández na data 13/01/2026 13:16:59
Carmen Pomar Tojo na data 13/01/2026 13:17:10
Gonzalo Trenor López na data 13/01/2026 13:17:17
Katherinie Varela Fernández na data 13/01/2026 13:17:25



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 13:17:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:17:39
Nº Rexistro: 45206
Data envío: 13/01/2026 13:17:39.407

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:23:42
Nº Rexistro: 45208
Data envío: 13/01/2026 13:23:42.831

Asinado o día 13/01/2026
13:22
Por Cristina Campero

Á Mesa do Parlamento

Moisés Rodríguez Pérez, Roberto Rodríguez Martínez, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O Goberno autonómico aprobou o pasado 28 de agosto nun Consello extraordinario da Xunta de Galicia un paquete de medidas para impulsar a reconstrución das zonas afectadas pola vaga de lumes forestais deste verán. Trátase dunha serie de achegas dirixidas a apoiar os cidadáns e os concellos que prevé axudas para a recuperación de vivendas, explotacións agrogandeiras, negocios ou instalacións municipais.

Asinado o día 13/01/2026 ás
13:22
Por Roberto Rodríguez Martínez

O Goberno galego está a realizar un gran esforzo técnico e económico para atender ás necesidades dos veciños damnificados polos lumes. De feito o obxectivo é que todas as persoas que teñan dereito ás axudas poidan recibilas, sen límite de importe total e cunha resposta áxil e eficaz. Así, estes apoios económicos saíron publicados ao día seguinte no Diario Oficial de Galicia e poden solicitarse de forma inmediata desde o luns 1 de setembro.

Para facilitar a súa tramitación o Goberno galego xa ten abertas 16 oficinas próximas ás zonas afectadas nas que prestarán servizo medio centenar de empregados públicos, e está a traballar arreo co compromiso de resolver todas as solicitudes no prazo máis breve posible. Ademais, tamén está á disposición dos cidadáns o teléfono de información 012 que se verá reforzado.

Asinado o día 13/01/2026 ás
13:21
Por Moisés Rodríguez Pérez

Todas as axudas aprobadas serán compatibles coas que, no seu caso estableza o Executivo estatal. A finalidade é que a reconstrución sexa o máis rápida posible.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





No caso concreto da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, os afectados xa teñen abertas distintas liñas de axudas para facer fronte á reconstrución dos seus fogares e para a reposición do enxoval doméstico. Ademais, os afectados polos incendios tamén poderán beneficiarse de axudas complementarias para o realoxo mentres se rehabilitan as vivendas danadas sempre que fose domicilio habitual do solicitante

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que características teñen as medidas promovidas pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas para impulsar a recuperación das vivendas afectadas pola vaga de lumes forestais deste verán?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Moisés Rodríguez Pérez na data 13/01/2026 13:21:54

Roberto Rodríguez Martínez na data 13/01/2026 13:22:03

Cristina Campero Dorado na data 13/01/2026 13:22:16

José Luis Ferro Iglesias na data 13/01/2026 13:22:31

Rubén Lorenzo Gómez na data 13/01/2026 13:22:43

Argimiro Marnotes Fernández na data 13/01/2026 13:22:56

Carmen Pomar Tojo na data 13/01/2026 13:23:10

Gonzalo Trenor López na data 13/01/2026 13:23:18

Katherinie Varela Fernández na data 13/01/2026 13:23:27



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 13:23:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:23:42
Nº Rexistro: 45208
Data envío: 13/01/2026 13:23:42.831

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:29:02
Nº Rexistro: 45211
Data envío: 13/01/2026 13:29:02.999

Asinado o día 13/01/26
13:26
Por José Luis Ferro Iç

Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, José Luís Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, Argimiro Marnotes Fernández, Rubén Lorenzo Gómez, Roberto Rodríguez Martínez, Moisés Rodríguez Pérez e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**

O pasado 30 de decembro rubricouse o acordo polo que a Mancomunidad Serra do Barbanza incorpórase ao modelo Sogama para a xestión dos seus residuos, o que permitirá garantir unha xestión sostible conforme á lexislación vixente.

Así, desde o 1 de xaneiro, os residuos dos concellos de Ames, Brión, Carnota, Lousame, Muros, Noia, Pontecesures, Porto do Son e Rois son xestionados pola Sociedade Galega de Medio Ambiente que conta coa súa planta de referencia en Cerceda e que, grazas aos investimentos realizados pola Xunta, está constatado que é na actualidade unha das máis sostibles e eficientes de toda España e das que menos lixo envían a vertedoiro, en liña coas directivas europeas, ademais de garantir unha capacidade suficiente como para dar servizo a toda Galicia.

Actualmente nestas instalacións xestiónanse 800.000 toneladas de residuos anuais, dando servizo a 295 concellos que suman 2,24 millóns de habitantes (o 83% da poboación galega). Agora, con esta adhesión darase servizo ao 97% das entidades locais de toda Galicia e a máis de 2,3 millóns de persoas.

Trátase dun acordo histórico e dun éxito para o modelo autonómico que xestiona a empresa pública, xa que o acordo asinado vén a recoñecer o bo funcionamento da planta de Cerceda. A Mancomunidad apostou sempre por un tratamento diferenciado dos residuos, alternativo a Sogama, que co tempo comezou a mostrar graves debilidades estruturais debido á falta de investimento e á imposibilidade de procesar o volume de lixo xerado pola súa poboación.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Como valora a Xunta a incorporación da Mancomunidad Serra do Barbanza ao modelo Sogama?

Asinado o día 13/01/2026 ás
13:26
Por Carmen Pomar Tojo

Asinado o día 13/01/2026 ás
13:26
Por Gonzalo Trenor López

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:29:02
Nº Rexistro: 45211
Data envío: 13/01/2026 13:29:02.999

2. Que beneficios traerá para os máis de 87.000 habitantes que viven nos nove concellos que conforman dita Mancomunidade?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-iwJ5Muhfx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 13/01/2026 13:26:00
Carmen Pomar Tojo na data 13/01/2026 13:26:08
José Luis Ferro Iglesias na data 13/01/2026 13:26:24
Cristina Campero Dorado na data 13/01/2026 13:26:33
Argimiro Marnotes Fernández na data 13/01/2026 13:26:53
Rubén Lorenzo Gómez na data 13/01/2026 13:27:02
Moisés Rodríguez Pérez na data 13/01/2026 13:27:13
Katherinie Varela Fernández na data 13/01/2026 13:27:29
Roberto Rodríguez Martínez na data 13/01/2026 13:28:11



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 13:29:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:29:02
Nº Rexistro: 45211
Data envío: 13/01/2026 13:29:02.999

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:30:17
Nº Rexistro: 45212
Data envío: 13/01/2026 13:30:17.845

Asinado o día 13/01/2026 ás 12:54
Por Carmen Rodríguez

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana, María Carmen Rodríguez Dacosta e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencente ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

O pasado 31 de xullo, o Consello de Contas de Galicia fixo públicos e remitiu ao Parlamento galego varios informes de fiscalización correspondentes a diferentes ámbitos da Administración autonómica. Entre os documentos presentados destaca, de maneira especial, o *Informe de fiscalización das actuacións para a prevención integral da violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia durante o período 2018-2022*.

Asinado o día 13/01/2026 ás 12:53
Por Elena Espinosa Mangana

Este informe foi elaborado por iniciativa do propio Parlamento de Galicia, que no ano 2023 adoptara formalmente o acordo de instar o Consello de Contas a realizar unha análise detallada do uso e xestión dos fondos recibidos pola Comunidade Autónoma ao abeiro do Pacto de Estado contra a violencia de xénero (PEVG) ao longo do período comprendido entre os anos 2018 e 2022.

A finalidade principal deste traballo de fiscalización é avaliar a eficacia, a eficiencia e a transparencia na execución deses recursos públicos, así como verificar se os fondos foron destinados conforme aos obxectivos establecidos no marco do citado Pacto de Estado, que constitúe unha ferramenta chave para o impulso de políticas públicas de prevención, protección e atención ás vítimas da violencia de xénero.

Asinado o día 13/01/2026 ás 12:53
Por Paloma Castro Rey

Este informe sinala, entre outras cousas, que a Xunta carece dun plan estratéxico específico para a loita contra a violencia de xénero.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

162509

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:30:17
Nº Rexistro: 45212
Data envío: 13/01/2026 13:30:17.845

E que dos 39,7 millóns de euros asignados a Galicia no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero para o período 2018-2022, a Xunta deixou sen executar 3,76 millóns, o que supón un 11,3 % do orzamento global, así como que dos fondos executados moitos foron destinados a políticas que nada teñen que ver coa loita contra o machismo.

E conclúe que a política do Goberno galego en relación coa violencia machista é reactiva, existindo un declive nas políticas de prevención.

Ante isto, as alegacións formuladas por parte da Xunta de Galiza e asinadas polo director xeral de Loita Contra a Violencia de Xénero, son as seguintes: “*No apartado n.59 (páx. 53) indícase que “O número de mulleres asasinadas é un dos parámetros que mellor amosa o avance das políticas de prevención e loita contra a violencia de xénero”*

Non se recollen no informe datos obxectivos que sustenten esta conclusión. Lamentablemente o número de asasinatos e vítimas de violencia de xénero non ten unha relación directa, causa-efecto, coa intensidade das políticas de prevención e sensibilización contra a violencia de xénero. Deste xeito, actualmente, despois de máis de 20 anos da aprobación da Lei 1/2004 e da Lei 4/2007, estase a ver un repunte, moi preocupante, de actitudes machistas, entre a xente moza.

Mais concretamente, na análise realizada a nivel interinstitucional dos asasinatos por violencia de xénero revélase que, en moitos casos un dos detonantes ou motivos que levou ao agresor a acabar coa vida da muller -e moitas veces tamén a acabar coa súa despois-, foi a decisión dela de deixalo e poñer fin á relación que mantiñan.”

Desde o Grupo Socialista amosamos a nosa total discrepancia ao contido destas alegacións entendendo que a prevención, a sensibilización e a





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:30:17
Nº Rexistro: 45212
Data envío: 13/01/2026 13:30:17.845

educación en igualdade son actuacións chave na loita contra o machismo, do que deriva a violencia contra as mulleres, e polo tanto, deben ser liñas políticas estratéxicas e fundamentais.

E condenamos as alegacións efectuadas polo director xeral de Violencia, que non atenden á realidade estatística da violencia machista, que infravaloran os avances acadados coas leis de igualdade aprobadas estes anos e que volven poñer o foco da violencia machista nas mulleres vítimas.

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Entende este goberno que son suficientes as políticas de loita contra a violencia machista que ten implementadas nos últimos anos?
2. Entende este goberno que os avances lexislativos en materia de igualdade contribuíron á loita contra a violencia machista?
3. Entende este goberno que o eixo da violencia machista e o sistema patriarcal aínda operante na nosa sociedade?
4. Ou pola contra entende que as mulleres que deciden denunciar ou romper a relación de parella son as causantes da violencia machista?

Parlamento de Galicia, 13 de xaneiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

162511

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-iwJ5Muhfx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 13/01/2026 12:53:45

Elena Espinosa Mangana na data 13/01/2026 12:53:54

Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/01/2026 12:54:05

Silvia Longueira Castro na data 13/01/2026 12:54:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:30:17
Nº Rexistro: 45212
Data envío: 13/01/2026 13:30:17.845

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Muhfx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 13:30:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:30:17
Nº Rexistro: 45212
Data envío: 13/01/2026 13:30:17.845

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Muhfx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:31:32
Nº Rexistro: 45214
Data envío: 13/01/2026 13:31:32.470

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 1ª**.

Os Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES) de Galicia, foron creados en 2013 para reforzar a resposta rápida en zonas sen parques de bombeiros comarcais.

Unha década despois estes grupos cobren o 34 % das emerxencias do noso territorio pero en moitos casos non contan coas ferramentas e a capacitación necesaria para responder con eficacia e seguridade.

Estes servizos de emerxencias son a primeira liña de defensa ante situacións críticas: incendios forestais, accidentes de tráfico, afogamentos, temporais, rescates en zonas rurais ou montañosas, inundacións, fugas de gas, colapsos estruturais, entre moitos outros. Son a man estendida dos concellos cando a cidadanía máis o precisa.

Pero esta realidade está sostida, demasiadas veces, con medios precarios, con escaseza de persoal profesional, con vehículos obsoletos, e con instalacións e equipos que non están á altura das esixencias actuais. Todo iso, mentres os riscos aumentan. E o cambio climático está agravando as emerxencias que debemos afrontar.

O pasado 30 de decembro a Xunta coas 4 deputacións e a Fegamp asinaron un novo Convenio de Colaboración en materia de emerxencias e prevención e

Asinado o día 13/01/2026 ás
12:56
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 13/01/2026 ás
12:56
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

162514

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:31:32
Nº Rexistro: 45214
Data envío: 13/01/2026 13:31:32.470

defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento do grupo de emerxencias supramunicipais cun período de vixencia 2025-2027.

O reseñado convenio atribúe ao Goberno galego a obriga de velar polo seu cumprimento e isto pasa tamén por controlar que por parte das outras administracións (concello e deputación) se asuman as competencias nel establecidas.

Competencias como garantir que a instalación base sexa axeitada para a prestación de servizos de emerxencias ou que se cumpra a normativa de prevención de riscos laborais.

Por outra banda, en relación coa cobertura, quedan en Galicia moitas zonas escuras sen cubrir e por exemplo en Pontevedra o intento frustrado de creación en Moraña ou a Lama fai que sega sen cubrir un territorio moi extenso e con alto risco de incendio forestal como son os concellos de Pontecaldelas, A Lama, Campolameiro ou Cerdedo-Cotobade.

En relación co reparto de material por parte da Xunta non se coñecen os criterios que utiliza, como exemplo, se repartiron camións a concellos que non tiñan GES e non a outros que os levan tempo reclamando por telos obsoletos. Repartos que por outra parte son totalmente discrecionais, xa que non existen criterios que os regulen.

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Entende o Goberno galego que se están a desenvolver de forma eficiente e eficaz os Servizos de Emerxencia Supramunicipal?
2. Que criterios de reparto de material entre os diferentes GES utiliza o Goberno galego?

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

162515

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:31:32
Nº Rexistro: 45214
Data envío: 13/01/2026 13:31:32.470

3. Ten previsto o Goberno galego ampliar o número de GES existentes co fin de que non existan zonas sen cubrir no noso territorio?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Munfx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

162516

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 13/01/2026 12:56:27

Patricia Iglesias Rey na data 13/01/2026 12:56:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:31:32
Nº Rexistro: 45214
Data envío: 13/01/2026 13:31:32.470

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 13:31:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:31:32
Nº Rexistro: 45214
Data envío: 13/01/2026 13:31:32.470

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Muhfx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:32:47
Nº Rexistro: 45216
Data envío: 13/01/2026 13:32:47,751

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 2ª**.

A Xunta de Galicia anunciou recentemente o inicio dun proxecto de acondicionamento da ponte medieval de Pontesampaio, que conecta os concellos de Pontevedra e Soutomaior, así como de actuacións na súa contorna inmediata. Aínda que valoramos positivamente esta intervención, que levabamos tempo reclamando, desde o Grupo Socialista consideramos que resulta claramente insuficiente tendo en conta o enorme valor histórico, cultural e patrimonial da zona, así como o seu papel como punto clave no Camiño Portugués a Santiago, recoñecido como Itinerario Cultural Europeo.

A ponte de Pontesampaio é un ben de interese cultural (BIC) da Idade Media, polo que debería estar suxeita a un réxime de especial protección. Porén, na actualidade continúa a soportar tráfico rodado, o que está a acelerar o seu deterioro e representa un perigo para os peóns e peregrinos que a atravesan diariamente. A conservación do patrimonio histórico require medidas contundentes, entre elas, a prohibición do tráfico motorizado pola ponte para garantir a súa preservación e seguridade.

Ademais, as rúas que conforman os accesos á ponte, como Roxelio Landeiro e Xosé Solla, que forman parte da estrada autonómica PO-264, e que son as principais vías da parroquia de Arcade, presentan un estado deficiente, con firme deteriorado e problemas de accesibilidade, que non só deslucen a contorna dun espazo de gran valor turístico, senón que supoñen un problema para o acceso aos servizos e a habitabilidade da veciñanza.

Asinado o día 13/01/2026 ás
12:59
Por Carlos López Font

Asinado o día 13/01/2026 ás
12:59
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

162519

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:32:47
Nº Rexistro: 45216
Data envío: 13/01/2026 13:32:47,751

O Concello de Soutomaior, ante a inacción da Xunta de Galicia, aprobou en Pleno o 28 de maio de 2024 unha moción na que solicita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade o cambio de titularidade do treito da estrada PO-264 entre os puntos quilométricos 2+100 e 3+570, co compromiso de asumir a súa titularidade e mantemento unha vez urbanizado o treito. A moción foi aprobada por maioría e remitida á Xunta. Transcorrido máis dun ano, a día de hoxe non se obtivo ningunha resposta, o que evidencia unha falta de compromiso institucional co municipio e coa veciñanza.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Entende o Goberno galego que a ponte medieval de Pontesampaio e a súa contorna necesitan unha actuación urxente?
2. Vai o Goberno galego autorizar de maneira inmediata o cambio de titularidade do treito da estrada autonómica PO-264 entre Paredes e Arcade, comprendido entre os puntos quilométricos 2+100 e 3+570, tal e como solicitou o Concello de Soutomaior no seu Acordo Plenario de data 28 de maio de 2024?
3. Entende necesario prohibir o tráfico rodado pola ponte medieval de Pontesampaio para garantir a súa conservación como ben de interese cultural e mellorara seguridade de peóns, visitantes e peregrinos que transitan polo Camiño Portugués?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

162520

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-iwJ5Munfx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 13/01/2026 12:59:18

Carlos López Font na data 13/01/2026 12:59:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:32:47
Nº Rexistro: 45216
Data envío: 13/01/2026 13:32:47,751

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 13:32:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:32:47
Nº Rexistro: 45216
Data envío: 13/01/2026 13:32:47,751

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:33:40
Nº Rexistro: 45218
Data envío: 13/01/2026 13:33:40.413

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 2ª**.

A principios deste ano o goberno da Xunta licitou un contrato de servizo de xestión con transporte dos residuos de fabricación de Lindano identificados na pista do Contrasto (O Porriño, Pontevedra).

Un contrato que tiña un período de execución de 8 meses e por un importe de 5.833.502,37 EUR.

Transcorrido este período e concluídos estes, os traballos de descontaminación limitáronse unicamente ao viario público municipal.

Isto é a todos os efectos unha solución parcial xa que a maior cantidade desta substancia atópase en parcelas privadas que colindan con ese viario.

Isto provoca que por mor das escorrentías e as filtracións en pouco tempo o viario volva a contaminarse e que os acuíferos e pozos da zona sufran a mesma consecuencia.

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1.Ten previsto o Goberno da Xunta licitar un novo contrato de retirada dos restos de lindano aínda presentes na parroquia do Contrasto (O Porriño, Pontevedra) ou dá por concluídos estes traballos?

Asinado o día 13/01/2026 ás
13:00
Por Carlos López Font

Asinado o día 13/01/2026 ás
12:59
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

162523

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:33:40
Nº Rexistro: 45218
Data envío: 13/01/2026 13:33:40.413

2. Como valora este goberno a posibilidade de que por mor das escorrentías e as filtracións en pouco tempo o viario volva a contaminarse e que os acuíferos e pozos da zona sufran a mesma consecuencia?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Munfx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

28071 Madrid

162524

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 13/01/2026 12:59:58

Carlos López Font na data 13/01/2026 13:00:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:33:40
Nº Rexistro: 45218
Data envío: 13/01/2026 13:33:40.413

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 13:33:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:33:40
Nº Rexistro: 45218
Data envío: 13/01/2026 13:33:40.413

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:35:07
Nº Rexistro: 45221
Data envío: 13/01/2026 13:35:07,887

Asinado o día 13/01/2026 ás 13:01
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

O servizo de quenda de garda psicolóxica especializada supón unha ferramenta esencial no marco das políticas públicas contra a violencia de xénero, sendo unha das poucas respostas inmediatas dispoñibles para mulleres e menores vítimas desta violencia na nosa comunidade.

Non obstante, malia a relevancia do devandito servizo, a súa continuidade vén dependendo de convenios anuais de colaboración.

Dende o ano 2020, este servizo sufriu unha redución orzamentaria progresiva, pasando de 100.000 € anuais en 2018 a 60.000 € no ano 2024, sen que esta diminución responda a unha menor necesidade, senón todo o contrario: a complexidade dos casos e a demanda real fan imprescindible reforzar e non debilitar esta intervención.

Por todo iso, é responsabilidade da Xunta de Galicia renovar e ampliar este convenio, recoñecéndoo como un servizo público esencial dentro do sistema galego de atención integral ás vítimas da violencia de xénero.

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Vai o Goberno da Xunta asinar no ano 2025 o convenio entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, vixente dende o ano 2018, para o mantemento da quenda de garda psicolóxica

Asinado o día 13/01/2026 ás 13:00
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 13/01/2026 ás 13:00
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

162527

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:35:07
Nº Rexistro: 45221
Data envío: 13/01/2026 13:35:07.887

especializada e permanente, destinada á atención urxente ás mulleres vítimas de violencia de xénero e aos seus fillos e fillas menores, afectadas e afectados por esta violencia na comunidade autónoma de Galicia?

2. Como xustifica o Goberno galego a redución orzamentaria acumulada dende o ano 2020 neste servizo esencial, que pasou de contar cun financiamento de 100.000 euros anuais a unha dotación en 2024 de tan só 60.000 euros?

3. Ten previsto incrementar esta contía no ano 2025 tendo en conta o incremento de denuncias por violencia de xénero no noso territorio?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Munfx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

162528

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 13/01/2026 13:00:44

Elena Espinosa Mangana na data 13/01/2026 13:00:54

Silvia Longueira Castro na data 13/01/2026 13:01:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:35:07
Nº Rexistro: 45221
Data envío: 13/01/2026 13:35:07,887

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Muhfx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 13:35:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:35:07
Nº Rexistro: 45221
Data envío: 13/01/2026 13:35:07,887

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:35:16
Nº Rexistro: 45222
Data envío: 13/01/2026 13:35:16.202

Asinado o día 13/01/2026 ás 13:10
Por José Luis Ferro Iñ

Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López Carmen María Pomar Tojo, José Luís Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, Argimiro Marnotes Fernández, Rubén Lorenzo Gómez, Roberto Rodríguez Martínez, Moisés Rodríguez Pérez e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**

O conselleiro de Presidencia participou en Bruxelas no Foro do Corredor Atlántico onde reclamou o cumprimento de prazos e investimentos para avanzar no desenvolvemento deste corredor ferroviario, que considera crucial para o desenvolvemento da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Diego Calvo, que tivo ocasión de trasladar ao novo coordinador europeo do Corredor Atlántico, François Bausch, a situación actual na que se atopa Galicia respecto ao Corredor Atlántico, pediu o respaldo de Europa para este proxecto estratéxico, poñendo especial énfase na conexión Vigo-Porto, e detallou os principais atrancos que están lastrando a súa execución.

Aludiu, entre outros problemas aos que se enfronta Galicia, á convivencia de anchos de vía diferentes e a necesidades de migrar a rede a ancho internacional. Así, segundo explicou, máis do 80% da rede ferroviaria galega ten ancho ibérico, e menos do 6% o ancho requirido pola UE para garantir a interoperabilidade. Ademais, o 75% da rede galega discorre en vía única e máis da metade non está electrificada.

Tamén se lamentou de que os portos galegos non estean debidamente conectados por tren para permitir a correcta distribución de mercadorías, nomeadamente os de Ferrol e Vigo.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai o Goberno galego da súa participación no Foro do Corredor Atlántico celebrado o pasado novembro en Bruxelas?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026

Asinado o día 13/01/2026 ás 13:10
Por Gonzalo Trenor López

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 13/01/2026 13:10:04
Carmen Pomar Tojo na data 13/01/2026 13:10:11
José Luis Ferro Iglesias na data 13/01/2026 13:10:22
Cristina Campero Dorado na data 13/01/2026 13:10:32
Argimiro Marnotes Fernández na data 13/01/2026 13:10:45
Rubén Lorenzo Gómez na data 13/01/2026 13:10:56
Roberto Rodríguez Martínez na data 13/01/2026 13:11:06
Moisés Rodríguez Pérez na data 13/01/2026 13:11:27
Katherinie Varela Fernández na data 13/01/2026 13:11:36



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:35:16
Nº Rexistro: 45222
Data envío: 13/01/2026 13:35:16.202

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 13:35:17

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:36:26
Nº Rexistro: 45224
Data envío: 13/01/2026 13:36:26.663

Asinado o día 13/01/2026 ás 13:02
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

O día 6 de xuño de 2023 o conselleiro de Sanidade visitou as obras de ampliación do Hospital Montecelo en Pontevedra acompañado dunha delegación institucional.

Nesta visita manifestou que o nivel de execución desta obra era do 75 %, polo tanto, tiñan previsto que puider comezar a funcionar este novo hospital a mediados do ano 2025, mentres que a cafetería e o novo aparcadoiro terían que esperar un ano e medio máis, ata finais de 2026.

Por outra banda, no mes de marzo o Goberno galego anunciou a creación, antes de decembro de 2024, de cinco centros de crise 24 horas no noso territorio situados nos hospitais Novoa Santos de Ferrol, Lucus Augusti de Lugo, Gil Casares de Santiago, Álvaro Cunqueiro de Vigo, e no PAC-Centro de Especialidades de Ourense.

A creación destes centros responde ao cumprimento do Pacto de Istambul e a un mandato do Ministerio de Igualdade para o cal transferiu a Galicia 5,9 millóns de euros procedentes dos fondos europeos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) .

Desde o Grupo Socialista defendemos a existencia destes centros nas 7 grandes cidades para dar cumprimento ao establecido polo Consello de Europa que obriga a promover a creación, dos «centros de crises», como servizos

Asinado o día 13/01/2026 ás 13:02
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 13/01/2026 ás 13:01
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

162534

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Munfx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:36:26
Nº Rexistro: 45224
Data envío: 13/01/2026 13:36:26.663

públicos interdisciplinares de atención permanente, que ofrecen asistencia en crise para vítimas de violencias sexuais, aos seus familiares, e persoas do entorno.

E da forma prevista na *Lei orgánica 10/2022*, do 6 de setembro, de garantía integral da *liberdade sexual*, polo que solicitamos ao goberno da Xunta que estableza para o ano 2025 coincidindo co inicio do funcionamento do novo Hospital Gran Montecelo, dous centros de crise para a área sanitaria Pontevedra-Salnés, situados un neste centro e o outro no centro de saúde do Salnés.

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Ten previsto o Goberno galego a creación de centros de crise 24 horas na área sanitaria Pontevedra-Salnés?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

162535

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-iwJ5Munfx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 13/01/2026 13:01:55

Elena Espinosa Mangana na data 13/01/2026 13:02:03

Silvia Longueira Castro na data 13/01/2026 13:02:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:36:26
Nº Rexistro: 45224
Data envío: 13/01/2026 13:36:26.663

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:36:26
Nº Rexistro: 45224
Data envío: 13/01/2026 13:36:26.663

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 13:36:27

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Muhfx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:37:42
Nº Rexistro: 45227
Data envío: 13/01/2026 13:37:42,274

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Carlos López Font e Aitor Bouza Manso, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 2ª**.

No ano 2012 rematouse o último tramo da autovía do Salnés que une o concello de Barro co de Sanxenxo.

Unha autovía que supón un avance na conectividade e facilita o acceso á costa desde a AP-9.

Esta autovía sorprendentemente esquécese dun dos principais concellos turísticos da zona como é o concello do Grove, xa que só chega ata A Lanzada (concello de Sanxenxo) quedando un tramo de aproximadamente 10 km sen cubrir.

Esta carencia ocasiona múltiples problemas sobre todo na tempada estival porque na estrada autonómica que transcorre desde O Grove ata a entrada da vía rápida prodúcese retencións quilométricas, e viceversa porque estes atascos provocan tamén retencións á saída desta vía.

As vítimas destes atascos non son só os turistas senón tamén a veciñanza do Grove que se dirixen á súa vila ou os comerciantes e profesionais que se ven obrigados a utilizar a vía rápida do Salnés.

O Grove é unha das vilas máis turísticas das Rías Baixas e o número de visitantes aumenta cada ano polo que non entendemos porque a Xunta de Galicia meteu nun caixón o proxecto de desdoblamento do tramo que une Sanxenxo co Grove que fora anunciado en 2008 polo Goberno bipartito, e que

Asinado o día 13/01/2026 ás
13:02
Por Carlos López Font

Asinado o día 13/01/2026 ás
13:02
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

162538

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:37:42
Nº Rexistro: 45227
Data envío: 13/01/2026 13:37:42,274

unicamente se xustifica por unha discriminación clara do Goberno do Partido Popular a un concello doutra cor política.

Ante esta situación, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Por que o Goberno da Xunta non executa o proxecto de desdoblamento do tramo da vía rápida do Salnés que permitiría continuar desde o concello de Sanxenxo ata o concello do Grove?
2. É consciente este goberno do incremento progresivo do número de turistas que visitan o concello do Grove nos últimos anos?
3. Non vai tomar medidas este goberno para evitar as retencións quilométricas de acceso e saída ao concello do Grove que se producen na tempada estival?

Parlamento de Galicia, 13 de xaneiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

162539

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 13/01/2026 13:02:43

Carlos López Font na data 13/01/2026 13:02:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:37:42
Nº Rexistro: 45227
Data envío: 13/01/2026 13:37:42.274

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:37:42
Nº Rexistro: 45227
Data envío: 13/01/2026 13:37:42.274

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 13:37:43

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:59:59
Nº Rexistro: 45229
Data envío: 13/01/2026 13:59:59.646

Asinado o día 13/01/2026 ás 13:58
Por José Luis Ferro Iç

Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, José Luís Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, Argimiro Marnotes Fernández, Rubén Lorenzo Gómez, Roberto Rodríguez Martínez, Moisés Rodríguez Pérez e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**

O mapa concesional das liñas de autobuses interurbanas proposto polo Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, lonxe de mellorar a situación actual, persiste na ameaza de illar parte do rural galego e de prexudicar a conectividade na nosa comunidade, fundamentalmente porque suprime paradas hoxe en servizo.

Desde Galicia sempre defendemos a necesidade de poñer en marcha un modelo de transporte coordinado e eficiente, que atenda ás demandas de mobilidade no conxunto do territorio da nosa comunidade e, desta con outras, prestando especial atención ao rural e sen penalizar aos municipios máis pequenos.

Por iso a Xunta de Galicia vén solicitando reiteradamente a convocatoria da Conferencia Sectorial de Transportes, que non se reúne desde xullo de 2022, pese a que o regulamento fixa xuntanzas cada seis meses, e que sexa neste foro onde se estude o novo mapa concesional estatal de transporte de viaxeiros por estrada.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai o Goberno galego do intento de impoñer unilateralmente e sen diálogo un novo mapa concesional nas liñas de bus estatal que prexudica á conectividade de Galicia, especialmente do rural galego?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026

Asinado o día 13/01/2026 ás 13:58
Por Gonzalo Trenor López

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 13/01/2026 13:58:20
Carmen Pomar Tojo na data 13/01/2026 13:58:30
José Luis Ferro Iglesias na data 13/01/2026 13:58:43
Cristina Campero Dorado na data 13/01/2026 13:58:54
Argimiro Marnotes Fernández na data 13/01/2026 13:59:04
Rubén Lorenzo Gómez na data 13/01/2026 13:59:12
Roberto Rodríguez Martínez na data 13/01/2026 13:59:20
Moisés Rodríguez Pérez na data 13/01/2026 13:59:30
Katherinie Varela Fernández na data 13/01/2026 13:59:41



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 13:59:59
Nº Rexistro: 45229
Data envío: 13/01/2026 13:59:59.646

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 14:00:01

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**PARLAMENTO
DE GALICIA****PARLAMENTO DE GALICIA**
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45230
Data envío: 13/01/2026 14:12:35.582Asinado o día 13/01/2026 ás 14:11
Por Cristina Campero

Á Mesa do Parlamento

Moisés Rodríguez Pérez, Roberto Rodríguez Martínez, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Somos conscientes de que o acceso á vivenda é unha das principais preocupacións dos galegos. En consecuencia, o incremento do parque existente e da oferta de vivenda a prezos accesibles constitúe tamén unha prioridade do Goberno que preside Alfonso Rueda.

Galicia está a ser un referente na aplicación de medidas que melloran o acceso a vivenda e tamén en materia de rehabilitación do parque dispoñible, e ante esa expectativa tan positiva, a demanda de pisos protexidos é cada vez maior.

Nese obxectivo, o rexistro de demandantes é clave para coñecer o número de persoas que precisan unha vivenda protexida. O Goberno galego anima aos galegos e galegas a que se inscriban, de cara a ter información de primeira man de cada cidade, vila ou pobo.

Ademais, se está a facer unha importante aposta polo desenvolvemento de solo residencial con destino á construción de vivenda protexida, un reto no que é fundamental a cooperación administrativa, xa que os concellos tamén teñen competencia, e tamén é igualmente necesaria a colaboración público – privada.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

En que eixos traballa a Xunta de Galicia para ampliar a oferta de vivenda protexida na nosa Comunidade?

Asinado o día 13/01/2026 ás 14:11
Por Roberto Rodríguez MartínezAsinado o día 13/01/2026 ás 14:10
Por Moisés Rodríguez Pérez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45230
Data envío: 13/01/2026 14:12:35.582

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-iwJ5Muhfx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Moisés Rodríguez Pérez na data 13/01/2026 14:10:52
Roberto Rodríguez Martínez na data 13/01/2026 14:11:05
Cristina Campero Dorado na data 13/01/2026 14:11:16
José Luis Ferro Iglesias na data 13/01/2026 14:11:26
Rubén Lorenzo Gómez na data 13/01/2026 14:11:40
Argimiro Marnotes Fernández na data 13/01/2026 14:11:51
Carmen Pomar Tojo na data 13/01/2026 14:12:03
Gonzalo Trenor López na data 13/01/2026 14:12:11
Katherinie Varela Fernández na data 13/01/2026 14:12:21



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45230
Data envío: 13/01/2026 14:12:35.582

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 14:12:36

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45232
Data envío: 13/01/2026 14:18:05.524

Asinado o día 13/01/2026 ás 14:16
Por Cristina Campero

Á Mesa do Parlamento

Moisés Rodríguez Pérez, Roberto Rodríguez Martínez, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Nunha recente entrevista a ministra de Vivenda e Axenda Urbana, Isabel Rodríguez, asegurou que xa se entregaron sobre 100.000 vivendas das máis de 180.000 prometidas polo presidente do Goberno, Pedro Sánchez, durante a campaña electoral.

Esta afirmación contrasta coa realidade que perciben os cidadáns, sobre o terreo, e as propias comunidades autónomas que non contan co apoio preciso da administración do Estado para facer fronte ao reto de dispoñer de máis vivendas a prezos accesibles.

De feito, en Galicia descoñecemos onde están emprazadas esas vivendas entregadas polo Ministerio, cal é o número destes inmobles posto a disposición da cidadanía e cando se fixeron efectivas a entrega de chaves aos seus propietarios ou adxudicatarios.

Parece evidente que a acción de propaganda do Goberno de España supera amplamente a realidade obviando que afrontar un problema como o da vivenda esixe sumar esforzos de todas as administracións, cada quen desde o seu marco competencial.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

Asinado o día 13/01/2026 ás 14:16
Por Roberto Rodríguez Martínez

Asinado o día 13/01/2026 ás 14:16
Por Moisés Rodríguez Pérez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





- 1.- Ten constancia a Xunta de Galicia das vivendas “entregadas” polo Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana en Galicia? Cal é a súa localización e cando se entregaron?





- 2.- Como valora o Goberno galego o insuficiente apoio que está a recibir por parte do Goberno de España para facer fronte ao reto de poñer a disposición da cidadanía máis vivendas a prezos accesibles?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Moisés Rodríguez Pérez na data 13/01/2026 14:16:23
Roberto Rodríguez Martínez na data 13/01/2026 14:16:31
Cristina Campero Dorado na data 13/01/2026 14:16:41
José Luis Ferro Iglesias na data 13/01/2026 14:16:51
Rubén Lorenzo Gómez na data 13/01/2026 14:17:05
Argimiro Marnotes Fernández na data 13/01/2026 14:17:18
Carmen Pomar Tojo na data 13/01/2026 14:17:31
Gonzalo Trenor López na data 13/01/2026 14:17:38
Katherinie Varela Fernández na data 13/01/2026 14:17:47



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 14:18:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45232
Data envío: 13/01/2026 14:18:05.524

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45237
Data envío: 13/01/2026 14:21:21.422

Asinado o día 13/01/2026 ás 14:19
Por Silvia Longueira C

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Nos últimos meses, a comunidade educativa do CEIP Canosa-Rus, no concello de Coristanco, vén manifestando a súa preocupación polo estado da auga de consumo no centro, tras a instalación dun novo pozo, advertindo de posibles problemas de salubridade e seguridade que afectan directamente ao alumnado e ao persoal docente.

Ante estes feitos, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, exercendo as súas funcións de control e fiscalización, solicitou formalmente o acceso ás analíticas da auga realizadas no centro educativo, ao abeiro do artigo 9 do Regulamento do Parlamento de Galicia, que recoñece o dereito dos deputados e deputadas a obter da Administración pública toda a información necesaria para o exercicio da súa función parlamentaria.

Porén, dita solicitude non foi atendida, non facilitándose os informes nin a documentación requirida, malia terse presentado por rexistro e reiterado en tempo e forma. Esta negativa supón non só unha falta de transparencia, senón unha obstrución directa á labor de control parlamentario, impedindo coñecer con claridade se a auga que consome o alumnado do CEIP Canosa-Rus cumpre cos parámetros sanitarios esixidos pola normativa vixente.

A esta situación súmase a denuncia pública realizada polo PSdeG-PSOE de Coristanco, que advertiu de que o goberno municipal negouse a facilitar a documentación solicitada, malia tratarse dunha cuestión que afecta á saúde

Asinado o día 13/01/2026 ás 14:19
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 13/01/2026 ás 14:19
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

162554

@PSdeG



28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Munfx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



pública e á protección da infancia. Tal comportamento resulta especialmente grave cando está en xogo a seguridade dun centro educativo público.

A negativa a facilitar información esencial, tanto ao Grupo Parlamentario Socialista como á comunidade educativa, mina os principios de transparencia, responsabilidade institucional e colaboración entre administracións, e supón un precedente inaceptable nun estado democrático.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Por que motivo non se deu resposta á solicitude de información presentada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia ao abeiro do artigo 9 do Regulamento do Parlamento de Galicia?
2. Que analíticas da auga se realizaron no CEIP Canosa-Rus nos últimos dous anos e cales foron os seus resultados?
3. En que datas se levaron a cabo ditas analíticas e que organismos ou laboratorios as realizaron?
4. Considera a Xunta de Galicia que negar ou retrasar o acceso a esta información vulnera o dereito de control parlamentario?
5. Que medidas adoptou ou prevé adoptar a Consellería competente para garantir que a auga do CEIP Canosa-Rus é apta para o consumo?
6. Ten coñecemento a Xunta da negativa do Concello de Coristanco a facilitar a documentación solicitada polo PSdeG? Que valoración fai desta actitude?
7. Prevese establecer protocolos de transparencia e información obrigatoria cando existan alertas sobre a salubridade da auga en centros educativos?

Santiago de Compostela, a 13 de xaneiro do 2026



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 13/01/2026 14:19:26

Aitor Bouza Manso na data 13/01/2026 14:19:33

Silvia Longueira Castro na data 13/01/2026 14:19:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45237
Data envío: 13/01/2026 14:21:21.422

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Muhfx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 14:21:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45237
Data envío: 13/01/2026 14:21:21.422

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45239
Data envío: 13/01/2026 14:23:17.572

Asinado o día 13/01/2026 ás 14:21
Por Cristina Campero

Á Mesa do Parlamento

Moisés Rodríguez Pérez, Roberto Rodríguez Martínez, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O Consello de Ministros que tivo lugar o 18 de novembro de 2025 deu 'luz verde' a licitar o contrato para a xestión e o mantemento das 40.000 vivendas que, na actualidade, son propiedade da Sareb (a Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria -coñecida como Banco Malo- participada maioritariamente por capital público do Goberno de España, a través do FROB).

A iniciativa do Goberno que preside Pedro Sánchez, lonxe de contribuír ao obxectivo de poñer a disposición da cidadanía máis vivendas a prezos accesibles, desde o compromiso social e sen atender a criterios económicos ou especulativos, presenta diversas eivas e incumpre o compromiso de ceder estes inmobles ás comunidades autónomas como teñen solicitado, incluso a través de acordos unánimes do Parlamento galego.

Con todo, un dos aspectos máis preocupantes é que a iniciativa estatal non garante a cualificación das futuras vivendas como públicas, non ofrece garantías de protección permanente destes inmobles e privatiza a xestión dos futuros alugueiros o que non garante a limitación dos prezos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Como valora o Goberno galego licitación polo Goberno de España do contrato de xestión e mantemento das vivendas da Sareb?

Asinado o día 13/01/2026 ás 14:21
Por Roberto Rodríguez Martínez

Asinado o día 13/01/2026 ás 14:21
Por Moisés Rodríguez Pérez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45239
Data envío: 13/01/2026 14:23:17.572

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-iwJ5Muhfx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Moisés Rodríguez Pérez na data 13/01/2026 14:21:35

Roberto Rodríguez Martínez na data 13/01/2026 14:21:43

Cristina Campero Dorado na data 13/01/2026 14:21:54

José Luis Ferro Iglesias na data 13/01/2026 14:22:08

Rubén Lorenzo Gómez na data 13/01/2026 14:22:19

Argimiro Marnotes Fernández na data 13/01/2026 14:22:32

Carmen Pomar Tojo na data 13/01/2026 14:22:44

Gonzalo Trenor López na data 13/01/2026 14:22:52

Katherinie Varela Fernández na data 13/01/2026 14:23:02



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 14:23:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45239
Data envío: 13/01/2026 14:23:17.572

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Julio García Comesaña, Moisés Rodríguez Pérez, Roberto Rodríguez Martínez, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O acceso á vivenda converteuse nunha das principais preocupacións en España.

Segundo o último Eurobarómetro, o 35% dos españoles considera a vivenda como o problema máis importante do país, superando á inflación e a inmigración. En Galicia, a situación reflicte esta tendencia nacional. O rexistro galego de vivenda protexida conta con aproximadamente 18.000 demandantes, dos cales case un terzo (32,2%) corresponde a Vigo e un 16,9% á Coruña. Isto significa que máis de 5.700 persoas en Vigo están en lista de espera para acceder a unha vivenda protexida.

A elevada demanda de vivenda protexida en Galicia, especialmente en Vigo, pon de manifesto a necesidade de políticas efectivas que aumenten a oferta de vivendas alcanzables e melloren o acceso ás mesmas para a poboación.

A Xunta de Galicia está a levar a cabo diversas iniciativas para a construción de vivendas en Vigo, especialmente no barrio de San Paio de Navia. Ademais, no marco da Estratexia Galega de Chan Residencial, a Xunta anunciou a creación de chan para 20.000 vivendas protexidas e 5.000 libres en varios municipios, incluíndo Vigo.

Estas actuacións buscan atender a demanda de vivenda en Vigo e mellorar o acceso a vivendas asumibles para os seus habitantes.





A estas vivendas en Navia fai falta sumar as que se poidan construír nos ámbitos que se desenvolverán en Vigo a través da Estratexia de chan residencial, o que fará que a área urbana de Vigo conte con máis de 9.000 vivendas, o 80% protexida.

Por todo iso, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que actuacións está a levar a cabo a Xunta de Galicia na área de Vigo para aumentar a dispoñibilidade de vivenda a prezo asumible e atender a demanda dos máis de 5.700 solicitantes de vivenda protexida na cidade?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 13/01/2026 14:35:18
Patricia García González na data 13/01/2026 14:35:29
Julio García Comesaña na data 13/01/2026 14:35:39
Moisés Rodríguez Pérez na data 13/01/2026 14:35:49
Roberto Rodríguez Martínez na data 13/01/2026 14:35:58
Cristina Campero Dorado na data 13/01/2026 14:36:09
José Luis Ferro Iglesias na data 13/01/2026 14:36:22
Rubén Lorenzo Gómez na data 13/01/2026 14:36:33
Argimiro Marnotes Fernández na data 13/01/2026 14:36:44
Carmen Pomar Tojo na data 13/01/2026 14:36:56
Gonzalo Trenor López na data 13/01/2026 14:37:04
Katherinie Varela Fernández na data 13/01/2026 14:37:14



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45241
Data envío: 13/01/2026 14:37:32.700

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 14:37:33

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45243
Data envío: 13/01/2026 14:48:17.602

Asinado o día 13/01/2026 ás 14:46
Por Roberto Rodríguez

Á Mesa do Parlamento

Nicole Grueira Fernández, Moisés Rodríguez Pérez, Roberto Rodríguez Martínez, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O acceso á vivenda constitúe un dos principais desafíos sociais que afronta Galicia na actualidade. A dificultade para mercar ou alugar unha vivenda digna, especialmente para a mocidade e para as familias con menos recursos, é unha realidade que condiciona o seu proxecto de vida estable.

Conscientes desta realidade, a Xunta de Galicia puxo en marcha unha estratexia integral de política de vivenda que ten como obxectivo principal garantir o dereito a unha vivenda digna e adecuada para todos os galegos e galegas, atendendo ás particularidades de cada territorio. Un dos piares fundamentais desta estratexia é a liña de axudas para a adquisición de vivenda en concellos de ata 10.000 habitantes, especialmente dirixida a persoas menores de 36 anos. A contía máxima desta achega pode alcanzar ata 10.800 euros por vivenda, o que supón un apoio económico directo importante para facilitar a adquisición da primeira vivenda por parte da mocidade. Ademais, estas axudas non só permiten ás persoas mozas acceder á propiedade, senón que tamén contribúen á revitalización dos municipios rurais, á dinamización económica local e á consolidación de comunidades sostibiles no territorio galego.

En definitiva, a Xunta de Galicia está a dar unha resposta clara e eficaz ao problema do acceso á vivenda, cunha visión centrada nas persoas. Esta medida é unha mostra máis do compromiso do Goberno galego cunha Galicia máis habitable, con máis oportunidades e con futuro para todos e todas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

Asinado o día 13/01/2026 ás 14:46
Por Nicole Grueira Fernández





- 1.- De que xeito está a axudar o Goberno galego ás persoas mozas na adquisición dunha vivenda?
- 2.- Cal é a previsión orzamentaria da Xunta de Galicia para o ano 2026 no ámbito das políticas de vivenda, e en concreto, respecto da liña de axudas para a adquisición de vivenda?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 13/01/2026 14:46:31
Moisés Rodríguez Pérez na data 13/01/2026 14:46:41
Roberto Rodríguez Martínez na data 13/01/2026 14:46:50
Cristina Campero Dorado na data 13/01/2026 14:47:00
José Luis Ferro Iglesias na data 13/01/2026 14:47:11
Rubén Lorenzo Gómez na data 13/01/2026 14:47:21
Argimiro Marnotes Fernández na data 13/01/2026 14:47:35
Carmen Pomar Tojo na data 13/01/2026 14:47:45
Gonzalo Trenor López na data 13/01/2026 14:47:54
Katherinie Varela Fernández na data 13/01/2026 14:48:03



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 14:48:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45243
Data envío: 13/01/2026 14:48:17.602

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45245
Data envío: 13/01/2026 14:57:57.199

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Carlos López Font e Aitor Bouza Manso, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 2ª**.

A Illa de Arousa é un dos lugares máis singulares de Galicia, pola súa condición de Illa habitada, como concello independente, e pola súa contorna xeográfica inigualable.

Polas súas características é un dos concellos galegos con mais afluencia de turistas, chegando incluso en tempada estival aos 25.000 visitantes/día.

Para acceder e transitar por este concello tense que utilizar dúas estradas de titularidade autonómica como son a PO-307 que se inicia no concello de Vilanova de Arousa e despois transcorre pola ponte de acceso á Illa de Arousa rematando na rotonda de entrada a este concello, e a PO-299 que é a vía principal dentro da illa que conecta a ponte de entrada co Porto do Xufre.

Ambas vías soportan moito volume de circulación rodada e unhas condicións meteorolóxicas propias do lugar onde se atopan, isto fai que requiran unhas labores de mantemento axeitadas que por parte da Xunta non se están a facer. A maiores disto non se ten feito nestas estradas desde o ano 2010 ningún tipo de actuación o que provoca que se atopen nunhas condicións non recomendables segundo as normas seguridade viaria.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista defendemos que o Goberno Popular da Xunta de Galicia non pode discriminar a uns concellos respecto doutros e debe garantir que as súas estradas se atopen en condicións axeitadas para garantir a súa seguridade viaria, por iso, reclamamos que de forma urxente

Asinado o día 13/01/2026 ás
13:03
Por Carlos López Font

Asinado o día 13/01/2026 ás
13:03
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

162570

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Muhfx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45245
Data envío: 13/01/2026 14:57:57.199

execute obras de reparación e mellora nestas estradas PO-299 e PO-307, entre as que destacamos a substitución do firme e arranxo das fochancas, o remate do carril bici e as beirarrúas, así como revisión e ampliación do alumeadado existente.

Por iso, a deputada e o deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Cando ten previsto o Goberno da Xunta executar obras de reparación e mellora necesarias nas estradas PO-299 e PO-307, situadas no concello da Illa de Arousa?
2. Como xustifica este goberno a década de abandono e falla de mantemento das estradas PO-299 e PO-307, situadas no concello da Illa de Arousa?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

162571

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 13/01/2026 13:03:26

Carlos López Font na data 13/01/2026 13:03:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45245
Data envío: 13/01/2026 14:57:57.199

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Muhfx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45245
Data envío: 13/01/2026 14:57:57,199

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 14:57:58

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45247
Data envío: 13/01/2026 14:59:07,966

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Carlos López Font e Aitor Bouza Manso, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 2ª**.

A estrada autonómica PO-213 sita no concello da Estrada, pola que transcorren unha media de máis de 1.000 vehículos diarios e que cruza varios núcleos rurais atópase nunha situación desastrosa polo abandono durante unha década da Xunta de Galicia.

Estamos a falar dunha vía cuxo trazado deseñouse a principios do século XX, que conta con gran cantidade de curvas, varias pontes de pedra e un ancho insuficiente para ser de dobre sentido.

As últimas actuacións que se fixeron nesta estrada foron unha reposición do firme durante os anos do goberno bipartito e ante os accidentes e saídas de vía que se producían os días de choiva, unha cobertura nela con antideslizante no ano 2014.

Ata o día de hoxe non se fixo ningunha actuación máis a pesares da mobilización veciñal que demanda unha mellora na seguridade viaria desta estrada que pon en risco a súa vida xa que ten un elevado tráfico de turismos, de vehículos pesados e incluso peonil por cruzar varios núcleos de poboación.

Entre as eivas que presenta sinalamos as seguintes:

- a) Características da calzada: Con ancho insuficiente para o volume de tráfico que absorbe e a velocidade permitida; sen beiravía nin biondas nin beirarrúas.

Asinado o día 13/01/2026 ás
13:04
Por Carlos López Font

Asinado o día 13/01/2026 ás
13:04
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

162574

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45247
Data envío: 13/01/2026 14:59:07,966

- b) Abundantes curvas durante todo o trazado.
- c) Pontes de pedra antigas que asumen moita carga polo tránsito de vehículos pesados e atópanse en moi mal estado, sobre todo a Ponte das Covas e a Ponte Nogueira.
- d) Situación do firme, parcheado e con zonas afundidas.
- e) Falla de mantemento axeitado o que provoca o exceso de maleza que chega incluso a tapar as sinais e a atopar gran cantidade de fochancas durante o seu trazado.

Ante esta situación, a deputada e os deputados que asinan preguntan:

Entende a Xunta de Galicia que na situación na que se atopa a estrada autonómica PO-213 garante a seguridade viaria dos seus usuarios e usuarias?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

162575

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 13/01/2026 13:04:10

Carlos López Font na data 13/01/2026 13:04:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45247
Data envío: 13/01/2026 14:59:07,966

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 14:59:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45247
Data envío: 13/01/2026 14:59:07,966

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Muhfx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45249
Data envío: 13/01/2026 15:00:16.639

Asinado o día 13/01/2026 ás 13:05
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 5ª**.

Os veciños e veciñas da Soutomaior, levan reclamando desde hai tempo unha sanidade pública de calidade para a seu concello.

A data de hoxe, só hai 3 prazas de médico e levan máis de ano e medio sen pediatra, polo que non é difícil de entender as dificultades para dar unha prestación sanitaria de calidade.

Ademais tampouco dispoñen de servizos de retinografía nin espirometrías por falta de salas e de material. Os problemas son múltiples, pero por sinalar un máis, non hai sala de probas nin sala para poder atender as urxencias.

A situación na que se atopa o Centro de Saúde de Arcade é un caso máis do abandono en materia sanitaria, por parte da Xunta de Galicia, que repercute na Atención Primaria.

Estamos a falar dunha poboación de 7.500 persoas demandantes dos servizos médicos. Pero deles hai arredor de 1.000 menores de idade que só poden ser atendidos baixo cita previa cando vén algún pediatra substituto. E non fai falla pensar o que supón de atraso nas listas de espera.

Por seguir engadindo despropósitos, o consultorio de Romaríz está pechado desde a pandemia.

Asinado o día 13/01/2026 ás 13:05
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 13/01/2026 ás 13:05
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

162578

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45249
Data envío: 13/01/2026 15:00:16.639

Polo tanto, estamos ante falla de medios humanos, falla de medios técnicos e falla de instalacións.

Con respecto a isto a Xunta de Galicia comprometeuse a construír un novo centro de saúde, cando o Concello lle cedera unha parcela para radicalo. Foi unha promesa do anterior conselleiro de Sanidade.

Os terreos foron postos a disposición, estando neste momento en fase de rexistro, pero non existe ningunha partida orzamentaria por parte da Xunta de Galicia nos orzamentos do ano 2024.

Por todo isto, desde o Grupo Socialista esiximos ao Goberno galego que dote dunha atención sanitaria de calidade ao concello de Soutomaior e que sexa provisto dos medios materiais, humanos e técnicos necesarios para o desenvolvemento dunha atención axeitada e de calidade.

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Pensa a Xunta de Galicia dotar de medios humanos e técnicos o Centro de Saúde de Arcade-Soutomaior para poder ofrecer unha sanidade de calidade?
2. Ten previsto a Xunta de Galicia, incluír no orzamento para 2025 a partida orzamentaria que permita financiar as obras do novo Centro de Saúde de Soutomaior?

Parlamento de Galicia, 13 de xaneiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

162579

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 13/01/2026 13:05:15

Elena Espinosa Mangana na data 13/01/2026 13:05:23

Silvia Longueira Castro na data 13/01/2026 13:05:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45249
Data envío: 13/01/2026 15:00:16.639

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 15:00:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45249
Data envío: 13/01/2026 15:00:16.639

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45251
Data envío: 13/01/2026 15:01:58,474

Asinado o día 13/01/2026 ás 13:06
Por Silvia Longueira C

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

A transformación dos servizos sanitarios cara a modelos asistenciais máis próximos e amables para a persoa paciente é o reto ao que se teñen que enfrontar as administracións.

Entre eses novos modelos figura a hospitalización a domicilio, que consiste en atencións e coidados médicos e de enfermaría de rango hospitalario proporcionados aos e ás pacientes no seu domicilio por profesionais e con recursos materiais propios do hospital.

Neste novo marco asistencial, a Xunta de Galicia conta co Plan galego de hospitalización a domicilio, enmarcado na Estratexia HADO 2019-2023, que se presenta como “un eixo fundamental na transformación da asistencia sanitaria xa que humaniza a atención, permite traballar de xeito coordinado e leva o hospital alí onde se necesita”.

O propio plan marca a previsión de poder chegar canto antes a toda a poboación galega máis na actualidade existen unhas enormes diferenzas entre as áreas sanitarias do país.

Así, mentres nalgunha area sanitaria o HADO chega a todo o seu territorio, na de Pontevedra-Salnés existen aínda moitos puntos sen cobertura e outros nos que só se cobren casos excepcionais.

Asinado o día 13/01/2026 ás 13:06
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 13/01/2026 ás 13:06
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

162582

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45251
Data envío: 13/01/2026 15:01:58,474

Na actualidade esta área sanitaria está cuberta por 3 equipos: 1 no Salnés e 2 en Pontevedra como hai 20 anos.

Antes da pandemia incorporaran outro equipo pero durou só uns meses, e trala irrupción da covid-19 a situación empeorou notablemente. Cada equipo está formado por 1 médico e 1 enfermeira e cun número de 6 pacientes en cartilla. Neste momento cobren comarca Salnés (salvo O Grove); Ulla-Umia (so ata Barro); Cerdedo-Cotobade (so ata Viascón) e os concellos que se atopan á marxe da estrada Pontevedra-Vigo ata Arcade (Soutomaior), quedando polo tanto moitas zonas descubertas.

Diante desta disparidade na cobertura asistencial en Galicia, que non fai máis que establecer cidadanías de primeira e segunda categoría nun asunto tan vital como o que nos ocupa, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia entende que o Goberno da Xunta de Galicia ten que incrementar o persoal deste servizo para que poida chegar á maior parte do territorio. Por outra banda, e tendo en conta o gran traballo que desenvolven as persoas profesionais deste servizo, o Goberno galego ten que mellorar as súas condicións laborais, xa que non se pode consentir que por exemplo, un destes médicos estivese 8 anos encadeando contratos mensuais.

Ante esta situación, as deputadas que asinan querén coñecer a resposta ás seguintes preguntas:

1. Como valora o Goberno galego que exista tanta diferenza na cobertura do servizo de HADO entre as distintas áreas sanitarias?
2. Cales son as razóns de que a área sanitaria de Pontevedra-Salnés deixe fóra do servizo HADO a numerosos núcleos de poboación?

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

162583

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45251
Data envío: 13/01/2026 15:01:58,474

3. Ten previsto o Goberno galego incrementar o número de equipos HADO na área sanitaria Pontevedra-Salnés para chegar este servizo a todos os concellos e parroquias?

Co paradoxo de que o que si trascendeu foi que o prezo indicado por Casa 47 para Vigo estará 1,40 puntos por encima do prezo medio que se extrae das fianzas depositadas ante o Instituto Galego de Vivenda e Solo.

As bases indican ademais que “cada unidade de convivencia só poderá solicitar vivendas cuxa renda mensual non supere o 30% dos seus ingresos netos mensuais”. Iso significa que para acceder cómpre dispoñer de 1.330€ mensuais netos como mínimo.

Os 5.500 demandantes de vivenda de promoción pública en Vigo só poderán acceder a estudos ou vivendas dun dormitorio de Casa 47, xa que, segundo estes criterios, para acceder ao 84 % destas vivendas (2 dormitorios) é necesario dispoñer de ao menos 2.000€ netos ao mes. E, para as de 3, entre 2.434 e 2.956 euros.

Iso supón que a meirande parte dos vigueses so poderán optar a estudos ou vivendas de un dormitorio.

Asinado o día 13/01/2026 ás
16:28
Por Carmen Pomar Tojo

Asinado o día 13/01/2026 ás
16:28
Por Moisés Rodríguez Pérez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





É polo que, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai o Goberno galego da posta ao dispor de vivenda pública por parte de Casa 47 a prezo superior á media do prezo libre na cidade de Vigo e dos requisitos salariais que se imporán aos vigueses para poder acceder a esas vivendas?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Moisés Rodríguez Pérez na data 13/01/2026 16:28:40

Carmen Pomar Tojo na data 13/01/2026 16:28:48

José Luis Ferro Iglesias na data 13/01/2026 16:29:00

Cristina Campero Dorado na data 13/01/2026 16:29:30

Argimiro Marnotes Fernández na data 13/01/2026 16:29:39

Rubén Lorenzo Gómez na data 13/01/2026 16:29:48

Roberto Rodríguez Martínez na data 13/01/2026 16:29:59

Gonzalo Trenor López na data 13/01/2026 16:30:08

Katherinie Varela Fernández na data 13/01/2026 16:30:15



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 16:33:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45290
Data envío: 13/01/2026 16:33:51.793

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Jose Luís Ferro Iglesias, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, José Alberto Pazos Couñago, Carmen María Pomar Tojo, María Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**

No marco da nova Lei estatal de Memoria Democrática, o Goberno central aprobou o Plan Cuadrienal (2021-2024) de Exhumacións de Vítimas, dotado cun orzamento de 3 millóns de euros para o conxunto das comunidades autónomas.

En desenvolvemento desta obriga, a Xunta de Galicia, como xestora dos fondos asignados pola Administración Xeral do Estado, destinou máis de 396.600 euros a intervencións en 16 concellos a través dun convenio coa Universidade de Santiago de Compostela (USC).

O obxectivo é financiar a localización, exhumación e identificación de vítimas, así como a dignificación dos lugares de enterramento.

Tamén neste mesmo ámbito, a Xunta promoveu unha iniciativa propia: o proxecto “Memoria e Concordia”, en marcha dende 2021, cun orzamento de 481.400 euros destinados á preservación e difusión de documentación histórica comprendida entre o Golpe de Estado de 1936 e a Constitución de 1978. Este proxecto ten como obxectivo recompilar, dixitalizar e divulgar documentos que permitan reconstruír a memoria da represión e dos procesos de transición cara á democracia.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Cales foron as actuacións financiadas con fondos propios promoveu a Xunta no ámbito da memoria democrática nos últimos anos?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026

Asinado o día 13/01/2026 ás
16:41
Por Paula Prado del Río

Asinado o día 13/01/2026 ás
16:41
Por José Luis Ferro Iglesias



Asinado dixitalmente por:

José Luis Ferro Iglesias na data 13/01/2026 16:41:32
Paula Prado del Rio na data 13/01/2026 16:41:41
Julio García Comesaña na data 13/01/2026 16:41:49
Roberto Rodríguez Martínez na data 13/01/2026 16:41:59
Argimiro Marnotes Fernández na data 13/01/2026 16:42:11
Paula Mouzo Mas na data 13/01/2026 16:42:28
Alberto Pazos Couñago na data 13/01/2026 16:42:50
Carmen Pomar Tojo na data 13/01/2026 16:42:57
María Felisa Rodríguez Carrera na data 13/01/2026 16:43:05
Katherinie Varela Fernández na data 13/01/2026 16:43:16



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45292
Data envío: 13/01/2026 16:44:36.063

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 16:44:37

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45294
Data envío: 13/01/2026 16:50:55.716

Asinado o día 13/01/26
16:47
Por Roberto Rodríguez

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, José Alberto Pazos Couñago, Carmen María Pomar Tojo, María Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**

A autoprotección constitúe un elemento esencial na seguridade da cidadanía e das diversas actividades que se desenvolven na nosa comunidade autónoma. Neste contexto, a Xunta de Galicia aprobou o Decreto 172/2022, do 6 de outubro, polo que se establece o Catálogo de actividades que deben adoptar medidas de autoprotección e no que se regula o contido destas medidas.

No tempo transcorrido desde a entrada en vigor do decreto, resulta de gran importancia analizar o impacto desta normativa, valorar o esforzo realizado pola administración autonómica e coñecer os datos actualizados sobre os plans de autoprotección rexistrados. Esta información é clave para continuar mellorando as estratexias de prevención e garantir a protección de persoas, bens e medio ambiente.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Como valora o Goberno galego o impacto da normativa sobre autoe-protección na mellora da seguridade na nosa Comunidade Autónoma?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026

Asinado o día 13/01/2026 ás
16:46
Por Paula Prado del Río

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Rio na data 13/01/2026 16:46:59

Julio García Comesaña na data 13/01/2026 16:47:06

Roberto Rodríguez Martínez na data 13/01/2026 16:47:23

Argimiro Marnotes Fernández na data 13/01/2026 16:47:30

Paula Mouzo Mas na data 13/01/2026 16:47:39

Alberto Pazos Couñago na data 13/01/2026 16:47:53

Carmen Pomar Tojo na data 13/01/2026 16:48:01

María Felisa Rodríguez Carrera na data 13/01/2026 16:48:08

Katherinie Varela Fernández na data 13/01/2026 16:48:15



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 16:50:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45294
Data envío: 13/01/2026 16:50:55.716

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

A próxima sinatura do acordo comercial entre a Unión Europea e o Mercosur está xerando unha serie de reivindicacións e manifestacións de gandeiros e agricultores en toda España, tamén en Galicia. Desde o Grupo Parlamentario Popular defendemos os intereses do noso sector primario, tal e como fixemos sempre, e por suposto estaremos ao seu lado neste asunto.

Galicia sempre defendeu ante o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a esixencia de salvagardas específicas para o sector primario, co obxectivo de que todo produto foráneo cumpra coas mesmas garantías e requisitos que, seguindo as normativas comunitarias, lle son esixibles aos nosos produtores para poder comercializar. Non se pode permitir unha competencia desleal que poña en perigo o futuro do sector.

Neste sentido, nos últimos días estamos escoitando, con preocupación, algunhas declaracións do lado do Mercosur que xeran dúbidas sobre a implantación das cláusulas de salvagarda incorporadas para o sector primario dentro do acordo. Cláusulas que debería defender con máis firmeza o Goberno de España, dado que son unha liña vermella para chegar a poñer en marcha o seu desenvolvemento. Ademais, se finalmente entra en vigor este acordo, é fundamental extremar os controis de fronteira que debe realizar o Goberno central.

A maiores disto, outra preocupación de gandeiros e agricultores que tamén compartimos é as peticións de simplificación e redución da burocracia arredor da Política Agraria Común, especialmente agora que está en proceso de debate e aprobación o novo Marco Financeiro Plurianual 2028-2034. É imprescindible que Europa se dote dunha PAC forte, con fondos suficientes e diferenciados, posto que esta será a maneira de apostar polo relevo xeracional e o desenvolvemento rural en todos os estados membros, especialmente relevante nunha comunidade como a nosa..





Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte pregunta oral:

1. Como defenderá a Xunta de Galicia os intereses do sector primario galego no novo escenario a raíz do acordo UE-Mercosur?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 13/01/2026 19:53:20

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/01/2026 19:53:32

José Mato Díaz na data 13/01/2026 19:53:47

Enrique Barreiro Sánchez na data 13/01/2026 19:53:53

Cristina Campero Dorado na data 13/01/2026 19:54:04

Juan Manuel Casares Gándara na data 13/01/2026 19:54:09

Nicole Grueira Fernández na data 13/01/2026 19:54:17

Ángel Rodríguez Conde na data 13/01/2026 19:54:32

Cecilia Vázquez Suárez na data 13/01/2026 19:54:40



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 19:55:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45301
Data envío: 13/01/2026 19:55:25.713

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

A Política Agraria Común (PAC) é unha política común de todos os países da UE que se dirixe fundamentalmente ao sector agrario e ao medio rural. A súa base xurídica recóllese no propio Tratado de funcionamento da UE e orzamentariamente constitúe a principal política da Unión.

A PAC ofrece un firme apoio a agricultores e agricultoras tratando de proporcionarlles un nivel de vida razoable. Por tanto, a PAC ofrece estabilidade nos ingresos, proporciona seguridade e mellora a rendibilidade do sector agrario.

Desta maneira, o apoio da PAC favorece o mantemento da actividade agraria en particular, pero tamén do sistema alimentario no seu conxunto. Ademais, a PAC define as condicións que permiten que o sector agrario cumpra as súas importantes funcións proporcionando beneficios, xa non só para o sistema agroalimentario, senón tamén para os consumidores e da sociedade en xeral:

- Subministración de alimentos acorde ás esixencias dos consumidores, garantindo tamén que os prezos non repercutan directamente sobre o consumidor.
- Conservación do medioambiente e loita contra o cambio climático.
- Fixación de poboación e xeración de emprego no medio rural.
- Xeración directa e indirecta de traballo no sistema agroalimentario.

As axudas da PAC fináncianse con cargo aos fondos europeos agrarios, FEAGA (Fondo Europeo Agrícola de Garantía Agraria) e Feader (Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural).

Co obxectivo de proporcionar un fluxo de efectivo para axudar aos agricultores a facer fronte aos seus gastos operativos durante o ciclo agrícola, cada ano realízase o pago do chamado “anticipo da PAC”, que é un pago por adiantado das axudas directas da PAC que reciben os agricultores e gandeiros no marco da Política Agraria Europea.





Deste xeito, o goberno galego cumpriría cos prazos modelicamente, contando Galicia con arredor de 230 millóns de euros ao final da actual campaña da PAC, que a maiores dos diferentes pagos directos (pagados polo fondo FEAGA), inclúen tamén axudas agroambientais e Zonas con Limitacións Naturais (a través do fondo Feader).

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. Que valoración fai o Goberno galego do pagamento das axudas da Política Agraria Común?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 13/01/2026 20:23:10

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/01/2026 20:23:18

José Mato Díaz na data 13/01/2026 20:23:25

Enrique Barreiro Sánchez na data 13/01/2026 20:23:31

Cristina Campero Dorado na data 13/01/2026 20:23:41

Juan Manuel Casares Gándara na data 13/01/2026 20:23:47

Nicole Grueira Fernández na data 13/01/2026 20:23:55

Ángel Rodríguez Conde na data 13/01/2026 20:24:20

Cecilia Vázquez Suárez na data 13/01/2026 20:24:28



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 20:26:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45303
Data envío: 13/01/2026 20:26:17.420

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

As cooperativas agrarias constitúen un elemento estratéxico na estrutura produtiva e un eixo fundamental para o desenvolvemento do sector primario galego. A súa capacidade para organizar recursos, integrar servizos e fortalecer a posición das explotacións agrogandeiras permite avanzar cara a modelos produtivos eficientes, competitivos e orientados á sustentabilidade.

A través do cooperativismo, as explotacións melloran a súa capacidade de negociación, optimizan custos e incorporan procesos tecnolóxicos e organizativos que inciden de maneira directa na súa rendibilidade e viabilidade a medio e longo prazo.

Ademais, as cooperativas desempeñan tamén un papel central na dinamización das cadeas de valor agroalimentarias e forestais, ao integrar procesos de produción, transformación e comercialización, garantindo estabilidade para as persoas socias e facilitando o acceso a novos mercados. Así mesmo, actúan como motores de innovación, difusión de boas prácticas e xeración de emprego de calidade, contribuíndo á profesionalización do sector e á cohesión económica e social das comarcas rurais.

Neste contexto, as políticas públicas de apoio ás cooperativas son, por tanto, instrumentos imprescindibles para consolidar un modelo produtivo robusto, innovador e plenamente integrado nos obxectivos de desenvolvemento rural. Consciente disto, o Goberno galego vén reforzando este compromiso mediante programas específicos de impulso ao cooperativismo, entre os que destaca a liña de axudas destinada ao fomento do uso compartido de maquinaria agrícola, dotada con 3,6 millóns de euros na convocatoria do ano pasado, en 2025.

Estas actuacións contribúen a fortalecer o tecido cooperativo, a mellorar a eficiencia produtiva das explotacións e a consolidar un rural dinámico e atractivo para o emprendemento e para o desenvolvemento de proxectos empresariais viables.





Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. Que actuacións está a desenvolver, actualmente, o Goberno galego para apoiar e fortalecer o cooperativismo agrario en Galicia, especialmente no relativo á modernización de maquinaria e equipamentos?
2. Que balance realiza o Goberno galego de ditas políticas de apoio ás cooperativas agrarias?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 13/01/2026 20:37:42

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/01/2026 20:37:51

José Mato Díaz na data 13/01/2026 20:37:59

Enrique Barreiro Sánchez na data 13/01/2026 20:38:07

Cristina Campero Dorado na data 13/01/2026 20:38:16

Juan Manuel Casares Gándara na data 13/01/2026 20:38:23

Nicole Grueira Fernández na data 13/01/2026 20:38:31

Ángel Rodríguez Conde na data 13/01/2026 20:38:40

Cecilia Vázquez Suárez na data 13/01/2026 20:38:48



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 20:40:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45305
Data envío: 13/01/2026 20:40:01.369

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Nicole Grueira Fernández, Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

O sector primario galego constitúe un pilar fundamental da economía, do equilibrio territorial e da identidade cultural de Galicia. A actividade agraria, gandeira e forestal xera riqueza, emprego e innovación, ao tempo que garante a produción de alimentos, a conservación da paisaxe e o mantemento dun tecido social dinámico en todo o territorio. O rural galego ofrece tamén un espazo de oportunidade para o desenvolvemento de proxectos de vida e para o emprendemento das novas xeracións, que atopan nel un ámbito propicio para innovar e contribuír ao progreso común

Neste marco, o relevo xeracional configúrase como unha prioridade estratéxica das políticas públicas do goberno galego orientadas ao fortalecemento do sector primario, a continuidade das explotacións, mellora a competitividade do sector e permite incorporar novas visións que impulsan a modernización e a sustentabilidade, garantizando así o futuro do sector.

A incorporación de mozas e mozos ás explotacións e actividades vinculadas ao territorio é esencial para garantir o relevo e así a continuidade das producións, favorecer a diversificación económica e fortalecer a presenza de persoas formadas, motivadas e capaces de incorporar novas tecnoloxías e prácticas sostibles no rural.

Garantir este relevo require actuar con anticipación e cunha visión de longo prazo que permita configurar un sector rural robusto, dotado de infraestruturas actualizadas, servizos accesibles e condicións de vida atractivas para quen decide desenvolver nel o seu proxecto vital.

Tamén require da colaboración entre administracións, organizacións profesionais, cooperativas, centros de formación e o conxunto da sociedade para articular un modelo de apoio integral que facilite a incorporación da mocidade, impulse a igualdade de oportunidades e fortaleza un rural sustentable e con futuro.





En definitiva, promover e consolidar a remuda xeracional no sector primario galego constitúe, en suma, unha acción prioritaria de interese estratéxico para Galicia, orientada a garantir a continuidade e a modernización dun sector esencial para o desenvolvemento económico, a sustentabilidade ambiental e a cohesión territorial do territorio.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. Que medidas está a levar a cabo a Xunta de Galicia para fomentar o relevo xeracional no medio rural e garantir a incorporación de mozas e mozos ás actividades agrarias, gandeiras e forestais?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 13/01/2026 20:51:40

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 13/01/2026 20:51:47

José Mato Díaz na data 13/01/2026 20:51:54

Enrique Barreiro Sánchez na data 13/01/2026 20:52:03

Cristina Campero Dorado na data 13/01/2026 20:52:10

Juan Manuel Casares Gándara na data 13/01/2026 20:52:16

Ángel Rodríguez Conde na data 13/01/2026 20:52:23

Cecilia Vázquez Suárez na data 13/01/2026 20:52:31



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45307
Data envío: 13/01/2026 20:53:32.469

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 20:53:33

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Luís Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as medidas a tomar por parte da Xunta de Galiza para o fomento do sistema de transporte público por estrada mediante a implementación da “Tarxeta 30 Toda Galiza”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo de carácter público é un elemento fundamental á hora de vertebrar o noso país, cumprindo tamén unha labor social á hora de democratizar o acceso ao transporte e garantir que áreas con complicacións engadidas na súa comunicación, poidan tela.

Alén de este valor, o transporte público é de vital importancia á hora de facer máis sustentábel o desprazamento de persoas por estrada, polo que un bo servizo público de transporte axudará a reducir o número de vehículos persoais nas estradas e polo tanto as súas emisións.

Hoxe máis ca nunca se pon de manifesto a importancia do transporte público, cunha crise enerxética, económica e social que dificulta os desprazamentos continuados no transporte privado.

Segundo o INE, unhas 150.000 persoas desprázanse diariamente entre diferentes concellos galegos, xa sexa por traballo, estudos ou xestións de calquera tipo. A maioría destes desprazamentos son realizados en vehículos particulares, xa que, tal e com sinalan expertas da UDC, o servizo de transporte público non é útil para a maior parte destes desprazamentos, por falta de horarios, itinerarios e paradas.

Asinado o día 14/01/2026 ás
10:09
Por Luís Bará Torres

Asinado o día 14/01/2026 ás
10:09
Por Paulo Ríos Santomé





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vivimos un momento histórico caracterizado por unha suba de prezos xeneralizada sen que as rendas do traballo experimenten unha suba acorde, o cal resulta no empobrecemento das clases populares e no aumento da carestía da vida.

Esta situación repercute especialmente na mobilidade das familias, da xente moza e da clase traballadora, ante a carestía da vida ao que se engade o custe das peaxes, entre as máis caras do Estado. Neste contexto, faise necesario adoptar medidas para incentivar e facer máis accesíbel o transporte público, coa implementación dunha tarxeta plana de transporte intermodal que por un importe mensual de 30 euros permitiría a calquera persoa viaxar por todo o País vía tren, autobús, barco e taxi rural.

A implementación desta tarxeta vai na liña das medidas adoptadas por unha grande parte dos países europeos, que contan cunha tarifa plana que axude no fomento do transporte público e dunha mobilidade máis sustentábel. Para acadar isto é necesario adoptar medidas estruturais, polo que esta tarifa plana deberá estar enmarcada nun proceso de revisión e fondas mudanzas do sistema público de transporte en Galiza, onde as diferentes administracións cheguen a acordos para ter unha Galiza mellor conectada e vertebrada, e facer do transporte público un verdadeiro motor de avance social e ambiental no noso país.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. É coñecedora a Xunta de Galiza das continuadas queixas das usuarias do transporte público por estrada no conxunto do país.
2. Cre a Xunta de Galiza que o actual modelo de transporte público por estrada cubre as necesidades da poboación?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Cal é o compromiso da Xunta de Galiza co papel social, democratizador e ambiental que debe cumprir o servizo de transporte público por estrada?

4. Que medidas ten pensado adoptar a Xunta de Galiza para fomentar o transporte público por estrada?

5. Que valoración fai a Xunta de Galiza da implementación dunha tarifa plana de transporte como a “Tarxeta 30 Toda Galiza”?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 14/01/2026 10:09:02

Luis Bará Torres na data 14/01/2026 10:09:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 10:11:04
Nº Rexistro: 45404
Data envío: 14/01/2026 10:11:04.968

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Muhfx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 10:11:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 10:11:04
Nº Rexistro: 45404
Data envío: 14/01/2026 10:11:04.968

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as consecuencias das demoras do tempo de tramitación da RISGA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O tempo de tramitación da RISGA está a ter en Galiza unha media de cinco meses. Cinco longos e solitarios meses en que a vulnerabilidade dunha persoa só pode acrecentarse do mesmo xeito que a falta de dignidade para a persoa que se ve nunha situación límite como esa.

Mais tamén é un tempo en que unha persoa necesitada fica desamparada por parte do goberno galego e tan só pode acceder á caridade que achegan algunhas entidades de beneficencia.

Con todo, esta situación de máxima vulnerabilidade aínda pode empeorar como podemos comprobar en situacións moi concretas e coñecidas polo Grupo Parlamentar do BNG. Referímonos, no concreto e como exemplo doutros casos que hai en Galiza, a un solitante da Coruña que xa superou os seis meses agardando unha resposta da Xunta á súa petición de RISGA, unha situación de auténtica desesperación coa que desde o BNG non podemos máis que nos solidarizar, ao tempo que denunciar nesta Cámara de representación do pobo.

Unha falta de resposta por parte do goberno da Xunta que aínda ten novas consecuencias para este cidadán, xa que a ausencia de resposta denegando a petición de axuda lle impide poder acceder á renda social municipal que contempla o Concello da

Asinado o día 14/01/2026 ás
10:36
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 14/01/2026 ás
10:36
Por Mercedes Queixas Zas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Coruña, converténdose a Xunta nun problema engadido cando debería ser parte da solución.

A falta de resposta da Xunta condena a quen máis o precisa a unha situación de necesidade extrema, máxime desde que o goberno cancelou a Tarxeta Básica como recurso de emerxencia para acceder ás necesidade máis básicas e de primeira necesidade, para vivir cun mínimo de dignidade. Desde o BNG temos solicitado ao goberno do PP na Xunta a súa recuperación en innúmeras ocasións como un recurso ponte mentres non se resolven as solicitudes de axuda como a RISGA.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Que medidas está a tomar a Xunta para acelerar a resposta das solicitudes de tramitación da RISGA?
- É consciente a Xunta das consecuencias negativas que provoca nas persoas demandantes a falta de resposta á hora de poder acceder a outras axudas como a renda social municipal do Concello da Coruña?
- Que medidas impulsa a Xunta para que as persoas que se encontran nesta situación de desamparo poidan ver garantidas as súas necesidades básicas?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 14/01/2026 10:36:33

Olalla Rodil Fernández na data 14/01/2026 10:36:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 10:38:52
Nº Rexistro: 45411
Data envío: 14/01/2026 10:38:52.563

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 10:38:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 10:38:52
Nº Rexistro: 45411
Data envío: 14/01/2026 10:38:52.563

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 14/01/2026 ás
10:42
Por Daniel Castro Ga

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª,** sobre a necesidade de a Xunta avaliar o programa 151A Fomento da Lingua Galega.

Asinado o día 14/01/2026 ás
10:41
Por Iria Taibo Corsanego

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O orzamento da Xunta de Galiza para avanzar na normalización do galego no ano 2026 apenas se achega ao 40% do aprobado en 2009. Aliás, volve confirmarse a rutina nas accións e a renuncia a impulsar actuacións encamiñadas a reverter a emerxencia lingüística desde o programa 151A Fomento da Lingua Galega, tal e como lle está a demandar a sociedade galega e as institucións do país.

Un inmovilismo que, para alén da falta de vontade política do PP, tamén se sustenta na ausencia de avaliación do programa 151A ao longo dos 16 anos de goberno do PP.

Malia se incrementar en 2026 a partida “Campañas de normalización lingüística” até os 3 millóns de euros, a indefinición do Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude na comparecencia de orzamentos impide coñecer que campañas se van realizar, a quen se van dirixir, con que obxectivos e cronograma e con que ferramentas de avaliación, o que fai dubidar do destino das accións normalizadoras, así como dos criterios empregados.

Asinado o día 14/01/2026 ás
10:41
Por Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha desconfianza avalada pola política lingüística precedente do PP, que conduciu aos actuais resultados tan negativos que mesmo cuestionan o futuro vivo para a nosa lingua, e mais pola inconcreción á hora de se comprometer o goberno do PP coa implementación das accións resultantes do proceso de actualización do PXNLG actualmente en curso.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Que avaliación fai o goberno galego do impulso á normalización lingüística ao abeiro do programa 151A Fomento da Lingua Galega desde 2009?
- Pensa o goberno que cumpriu co programa 151A o mandato do Estatuto de Autonomía e da Lei de normalización lingüística á hora de garantir o uso normal e oficial do galego e potenciar o seu coñecemento e emprego en todos os ámbitos?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 14/01/2026 10:41:48

Iria Taibo Corsanego na data 14/01/2026 10:41:54

Daniel Castro García na data 14/01/2026 10:42:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 10:43:43
Nº Rexistro: 45414
Data envío: 14/01/2026 10:43:43,041

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 10:43:43
Nº Rexistro: 45414
Data envío: 14/01/2026 10:43:43,041

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 10:43:44

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 11:19:38
Nº Rexistro: 45424
Data envío: 14/01/2026 11:19:38,844

Asinado o día 14/01/2
Por María Encarnació
Díaz

Á Mesa do Parlamento

Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

O Goberno autonómico aprobou o 28 de agosto de 2025 nun Consello extraordinario da Xunta de Galicia un paquete de medidas para impulsar a reconstrución das zonas afectadas pola vaga de lumes forestais deste verán.

Trátase dunha serie de achegas dirixidas a apoiar os cidadáns e os concellos que prevé axudas para a recuperación de vivendas, explotacións agrogandeiras, negocios ou instalacións municipais.

O Goberno galego está a realizar un gran esforzo técnico e económico para atender ás necesidades dos veciños damnificados polos lumes. De feito o obxectivo é que todas as persoas que teñan dereito ás axudas poidan recibilas, sen límite de importe total e cunha resposta áxil e eficaz. Así, estes apoios económicos saíron publicados ao día seguinte no Diario Oficial de Galicia e puideron solicitarse de forma inmediata desde o luns 1 de setembro.

Para facilitar a súa tramitación o Goberno galego habilitou máis dunha decena de oficinas próximas ás zonas afectadas nas que prestarán servizo medio centenar de empregados públicos, e está a traballar arreo co compromiso de resolver todas as solicitudes no prazo máis breve posible. Ademais, tamén está á disposición dos cidadáns o teléfono de información 012 que se verá reforzado.

Todas as axudas aprobadas son compatibles coas que, no seu caso, estableceron outras administracións. A finalidade é que a reconstrución sexa o máis rápida posible. Por parte da Consellería do Medio Rural, sabendo do impacto que esta vaga de lumes tivo no campo, habilitáronse achegas para paliar os danos nas explotacións forestais gandeiras e agrícolas.

Asinado o día 14/01/2026 ás
11:15
Por Miguel Ángel Viso Diéguez

Asinado o día 14/01/2026 ás
11:13
Por Cecilia Vázquez Suárez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. Que características teñen as medidas promovidas pola Consellería de Medio Rural para impulsar a reconstrución da zonas afectadas pola vaga de lumes forestais deste verán?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Cecilia Vázquez Suárez na data 14/01/2026 11:13:53
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 14/01/2026 11:15:46
María Encarnación Amigo Díaz na data 14/01/2026 11:15:57
José Mato Díaz na data 14/01/2026 11:16:07
Enrique Barreiro Sánchez na data 14/01/2026 11:16:14
Cristina Campero Dorado na data 14/01/2026 11:16:22
Juan Manuel Casares Gándara na data 14/01/2026 11:16:28
Nicole Grueira Fernández na data 14/01/2026 11:16:39
Ángel Rodríguez Conde na data 14/01/2026 11:17:09



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 11:19:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 11:19:38
Nº Rexistro: 45424
Data envío: 14/01/2026 11:19:38,844

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**

A dermatose nodular contaxiosa é unha enfermidade vírica que afecta ó gando vacún e a algúns animais silvestres, pero non ás persoas. É unha virose grave que ten diversas manifestacións (febre, esgotamento, etc.), pero o síntoma máis característico son os nódulos na pel, que poden aparecer por todo o corpo (fuciño, cabeza, pescozo, ubres, abdome, etc.). A transmisión da enfermidade prodúcese fundamentalmente a través de diversas especies de insectos.

A dermatose pode producir a morte do animal, pero a súa afección máis importante é a redución da produción, especialmente no vacún de leite. Galicia produce o 42% do leite de España, polo que as consecuencias da entrada desta patoloxía no noso territorio sería un desastre para o sector primario galego e o noso rural.

A DNC é de declaración obrigatoria consonte o RD 779/2023.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. Que controis se están realizando para detectar os posibles casos en Galicia, así como sobre as importacións de animais procedentes de países afectados pola dermatose nodular contaxiosa?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026

Asinado o día 14/01/2026 ás 11:22
Por María Encarnación Amigo Díaz

Asinado o día 14/01/2026 ás 11:22
Por Miguel Ángel Viso Diéguez



Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 14/01/2026 11:22:27

María Encarnación Amigo Díaz na data 14/01/2026 11:22:35

José Mato Díaz na data 14/01/2026 11:22:42

Enrique Barreiro Sánchez na data 14/01/2026 11:22:48

Cristina Campero Dorado na data 14/01/2026 11:22:56

Juan Manuel Casares Gándara na data 14/01/2026 11:23:01

Nicole Grueira Fernández na data 14/01/2026 11:23:09

Ángel Rodríguez Conde na data 14/01/2026 11:23:16

Cecilia Vázquez Suárez na data 14/01/2026 11:23:23



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 11:27:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 11:27:40
Nº Rexistro: 45426
Data envío: 14/01/2026 11:27:40.952

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Casares Gándara, Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

A flavescencia dourada é unha enfermidade que causa importantes danos no cultivo das vides. Trátase dunha praga considerada de corentena, na que hai que establecer unha serie de medidas para o seu control e erradicación recollidas nos regulamentos comunitarios 2016/2031 e 2019/2072.

Foi detectada por primeira vez en Galicia a finais de 2022. Posteriormente notificouse a súa presenza no noso territorio e publicouse a primeira resolución no DOG para establecer as primeiras medidas de control. En 2023 producíronse novas deteccións deste organismo nocivo, o que fixo preciso ampliar a zona demarcada e modificar as medidas. Durante as prospeccións realizadas no 2024 houbo máis plantas positivas en varios concellos, polo que se volveu ampliar a zona demarcada e se mantiveron as medidas fitosanitarias establecidas.

Á vista da evolución desta enfermidade, o 30 de abril de 2025, a Consellería do Medio Rural publicou no DOG o Decreto 29/2025, do 7 de abril, polo que se cualifica de utilidade pública a erradicación do organismo de corentena flavescencia dourada da viña (Grapevine flavescence dorée phytoplasma) en Galicia e se ordenan as medidas para evitar a súa propagación.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. Cal vai ser o procedemento para que a administración execute subsidiariamente os traballos fitosanitarios obrigatorios consonte a normativa europea que regula enfermidades como a flavescencia dourada?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Casares Gándara na data 14/01/2026 11:29:12

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 14/01/2026 11:29:20

María Encarnación Amigo Díaz na data 14/01/2026 11:29:27

José Mato Díaz na data 14/01/2026 11:29:36

Enrique Barreiro Sánchez na data 14/01/2026 11:29:43

Cristina Campero Dorado na data 14/01/2026 11:29:52

Nicole Grueira Fernández na data 14/01/2026 11:30:02

Ángel Rodríguez Conde na data 14/01/2026 11:30:13

Cecilia Vázquez Suárez na data 14/01/2026 11:30:23



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 11:32:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 11:32:50
Nº Rexistro: 45428
Data envío: 14/01/2026 11:32:50.081

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 11:33:13
Nº Rexistro: 45429
Data envío: 14/01/2026 11:33:13.209

Asinado o día 14/01/26
11:30
Por José Mato Díaz

Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Casares Gándara, Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

A flavescencia dourada é unha enfermidade que causa importantes danos no cultivo das vides. Trátase dunha praga considerada de corentena, na que hai que establecer unha serie de medidas para o seu control e erradicación recollidas nos regulamentos comunitarios 2016/2031 e 2019/2072.

Foi detectada por primeira vez en Galicia a finais de 2022. Posteriormente notificouse a súa presenza no noso territorio e publicouse a primeira resolución no DOG para establecer as primeiras medidas de control. En 2023 producíronse novas deteccións deste organismo nocivo, o que fixo preciso ampliar a zona demarcada e modificar as medidas. Durante as prospeccións realizadas no 2024 houbo máis plantas positivas en varios concellos, polo que se volveu ampliar a zona demarcada e se mantiveron as medidas fitosanitarias establecidas.

Á vista da evolución desta enfermidade, o 30 de abril de 2025, a Consellería do Medio Rural publicou no DOG o Decreto 29/2025, do 7 de abril, polo que se cualifica de utilidade pública a erradicación do organismo de corentena flavescencia dourada da viña (Grapevine flavescence dorée phytoplasma) en Galicia e se ordenan as medidas para evitar a súa propagación.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. Cal vai ser o procedemento para que a administración execute subsidiariamente os traballos fitosanitarios obrigatorios consonte a normativa europea?
2. Cal é o orzamento previsto nestes casos?
3. Cal é a evolución prevista a enfermidade no territorio galego?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

Asinado o día 14/01/2026 ás 11:30
Por María Encarnación Amigo Díaz

Asinado o día 14/01/2026 ás 11:30
Por Juan Manuel Casares Gándara



Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Casares Gándara na data 14/01/2026 11:30:31
María Encarnación Amigo Díaz na data 14/01/2026 11:30:39
José Mato Díaz na data 14/01/2026 11:30:47
Enrique Barreiro Sánchez na data 14/01/2026 11:30:54
Cristina Campero Dorado na data 14/01/2026 11:31:05
Nicole Grueira Fernández na data 14/01/2026 11:31:16
Ángel Rodríguez Conde na data 14/01/2026 11:31:24
Cecilia Vázquez Suárez na data 14/01/2026 11:31:33
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 14/01/2026 11:32:04



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 11:33:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 11:33:13
Nº Rexistro: 45429
Data envío: 14/01/2026 11:33:13.209

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Casares Gándara, Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

A flavescencia dourada é unha enfermidade que causa importantes danos no cultivo das vides. Trátase dunha praga considerada de corentena, na que hai que establecer unha serie de medidas para o seu control e erradicación recollidas nos regulamentos comunitarios 2016/2031 e 2019/2072.

Foi detectada por primeira vez en Galicia a finais de 2022. Posteriormente notificouse a súa presenza no noso territorio e publicouse a primeira resolución no DOG para establecer as primeiras medidas de control. En 2023 producíronse novas deteccións deste organismo nocivo, o que fixo preciso ampliar a zona demarcada e modificar as medidas. Durante as prospeccións realizadas no 2024 houbo máis plantas positivas en varios concellos, polo que se volveu ampliar a zona demarcada e se mantiveron as medidas fitosanitarias establecidas.

Á vista da evolución desta enfermidade, o 30 de abril de 2025, a Consellería do Medio Rural publicou no DOG o Decreto 29/2025, do 7 de abril, polo que se cualifica de utilidade pública a erradicación do organismo de corentena flavescencia dourada da viña (Grapevine flavescence dorée phytoplasma) en Galicia e se ordenan as medidas para evitar a súa propagación.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. Que medidas impulsa a Administración autonómica para afrontar a praga da flavescencia dourada en Galicia?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Casares Gándara na data 14/01/2026 11:43:09

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 14/01/2026 11:43:18

José Mato Díaz na data 14/01/2026 11:43:27

Enrique Barreiro Sánchez na data 14/01/2026 11:43:34

Cristina Campero Dorado na data 14/01/2026 11:43:43

Nicole Grueira Fernández na data 14/01/2026 11:43:52

Ángel Rodríguez Conde na data 14/01/2026 11:44:00

Cecilia Vázquez Suárez na data 14/01/2026 11:44:09

María Encarnación Amigo Díaz na data 14/01/2026 11:44:46



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 11:45:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 11:45:36
Nº Rexistro: 45434
Data envío: 14/01/2026 11:45:36.319

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Casares Gándara, Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

O 12 de agosto de 2025 publicábase no DOG a convocatoria das axudas para a promoción do viño galego en terceiros países, fóra da Unión Europea, para as que a Xunta de Galicia destina 1,7M€ co obxectivo de apoiar ao sector vitivinícola galego-

Estas achegas buscan fomentar o coñecemento das características e calidades do viño galego máis aló das fronteiras da Unión Europea, co fin de mellorar a súa competitividade no estranxeiro mediante a apertura, diversificación ou consolidación do mercado nestes países. Nesta liña, poderán beneficiarse das axudas as empresas vinícolas, as organizacións de produtores vitivinícolas e as súas asociacións, as organizacións interprofesionais, ou os órganos de xestión e de representación das denominacións de orixe protexidas (DOP) e indicacións xeográficas protexidas (IXP) vitivinícolas, así como as súas asociacións.

Tamén poderán recibir axuda as asociacións temporais ou permanentes de produtores que teñan entre os seus fins o desenvolvemento de iniciativas en materia de promoción e comercialización do viño, as cooperativas que comercialicen viños elaborados por elas ou polos seus asociados ou as entidades asociativas sen ánimo de lucro participadas exclusivamente por empresas do sector vitivinícola que teñan entre os seus fins a promoción exterior dos viños.

Cómpre destacar que estas achegas enmárcanse na Intervención Sectorial Vitivinícola (ISV), que á súa vez se atopa incluída no Plan Estratéxico Nacional de Política Agraria Común (PAC) de España 2023 – 2027. É dicir, un contexto favorable para o sector, que repercute positivamente na comercialización e internacionalización dos viños galegos e tamén contribúe a mellorar o agro da nosa comunidade. É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da última convocatoria de axudas para a promoción do viño galego en terceiros países fóra da Unión Europea?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Casares Gándara na data 14/01/2026 11:50:25
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 14/01/2026 11:50:32
María Encarnación Amigo Díaz na data 14/01/2026 11:50:39
José Mato Díaz na data 14/01/2026 11:50:50
Enrique Barreiro Sánchez na data 14/01/2026 11:51:01
Cristina Campero Dorado na data 14/01/2026 11:51:10
Nicole Grueira Fernández na data 14/01/2026 11:51:23
Ángel Rodríguez Conde na data 14/01/2026 11:51:30
Cecilia Vázquez Suárez na data 14/01/2026 11:51:41



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 11:52:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 11:52:45
Nº Rexistro: 45436
Data envío: 14/01/2026 11:52:45.899

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

Os polígonos agroforestais son instrumentos para a recuperación e posta en produción de terras de boa capacidade produtiva, que se encontren en estado de abandono ou infrautilización ou sexan susceptibles de optimización, coa finalidade de constituír áreas de explotación que garantan a súa rendibilidade.

Estes instrumentos poden ser de iniciativa pública ou privada e, en ámbolos dous casos, deberá existir acordo dos propietarios de máis do 70% da superficie do polígono. Así mesmo, deberá existir un estado de abandono ou infrautilización nun mínimo do 50% da superficie do polígono, agás que os propietarios de máis do 70% da superficie se comprometan desde o inicio a manter ou poñer en produción as terras.

Este proxecto pode incluír a reestruturación da propiedade e, polo tanto, agrupación parcelaria para garantir unha superficie mínima rendible, así como o acondicionamento das parcelas e as infraestruturas viarias necesarias, segundo temos entendido.

Asemade, pódese actuar a partir dunha superficie mínima de 10 hectáreas e existe un mecanismo para o control do acaparamento de terras. En consideración de todo o anterior, en Galicia están tendo un importante éxito estes polígonos agroforestais, sendo necesario facer un balance dos mesmos, coa información dos próximos pasos co fin de estudar a efectividade deste instrumento de recuperación que, lembremos, se atopa regulado na propia Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. Que balance fai o Goberno galego dos polígonos agroforestais e que evolución están a ter en relación á recuperación de terra?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026

Asinado o día 14/01/2026 ás 11:56
Por María Encarnación Amigo Díaz

Asinado o día 14/01/2026 ás 11:56
Por Miguel Ángel Viso Diéguez



Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 14/01/2026 11:56:19

María Encarnación Amigo Díaz na data 14/01/2026 11:56:27

José Mato Díaz na data 14/01/2026 11:56:34

Enrique Barreiro Sánchez na data 14/01/2026 11:56:41

Cristina Campero Dorado na data 14/01/2026 11:56:50

Juan Manuel Casares Gándara na data 14/01/2026 11:56:58

Nicole Grueira Fernández na data 14/01/2026 11:57:07

Ángel Rodríguez Conde na data 14/01/2026 11:57:21

Cecilia Vázquez Suárez na data 14/01/2026 11:57:29



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 11:58:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 11:58:43
Nº Rexistro: 45438
Data envío: 14/01/2026 11:58:43,512

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

O sector primario é esencial tanto desde o punto de vista económico como social e ambiental. Galicia conta cun amplo número de profesionais que traballan neste ámbito ata o punto de liderar, en moitos ámbitos, a transformación do sector cara a unha futuro máis sostible, innovador e resiliente.

Nos últimos anos, o sector afrontou importantes retos: a necesidade de substitución xeracional, a adaptación a novos estándares ambientais, a transformación tecnolóxica, o encarecemento dos custos operativos, a competencia internacional. Todos estes desafíos requiren do apoio decidido dos instrumentos europeos de financiamento e que estes contén cunha dotación orzamentaria suficiente.

O 16 de xullo de 2025, a Comisión Europea adoptou unha proposta para o próximo marco financeiro plurianual (MFP) para o período 2028-2034. Este inclúe, fundamentalmente os fondos FEAGA (Fondo Europeo Agrícola de Garantía Agraria) e FEADER (Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural) da Política Agrícola Común (PAC).

Neste senso resultan fondamente preocupantes as noticias recentemente coñecidas sobre a intención de propoñer un recorte aparente do entorno do 20% nos fondos destinados ao agrícola e gandeiro no próximo marco orzamentario. Esta redución, de confirmarse, comprometería gravemente a viabilidade da adaptación de moitas explotacións e das comunidades rurais que dependen directa ou indirectamente destas actividades. Ademais, supoñería un retroceso na capacidade de adecuación e consecución dos obxectivos comúns en materia de sustentabilidade, competitividade e seguridade alimentaria.

Ademais, a actual Política Agraria Común quedaría diluída nun fondo único, no que tamén entraría a pesca e as políticas de cohesión territorial. Desaparecerían ademais os dous piares actuais da PAC (axudas directas e desenvolvemento rural), que quedarían unificados nese mesmo fondo.





Convén lembrar que 20 Estados membros (dun total de 27), entre eles España asinaron esta primavera unha carta na que lle pedían a Bruxelas manter a Política Agrícola Común como estratéxica, independente e autónoma, cunha boa dotación financeira, personalidade xurídica propia e separada do resto de políticas comunitarias

Neste contexto, resulta urxente que as distintas administracións e, particularmente o Goberno de España -na súa condición de interlocutor directo coa Unión Europea adopte unha posición clara, firme e proactiva para defender os intereses do sector agrogandeiro no proceso de negociación do novo marco financeiro europeo, ademais de adoptar un compromiso claro en defensa e apoio a este sector no marco do seu plan nacional específico.

Cómpre salientar finalmente, que Galicia vén sendo un exemplo de xestión responsable e eficiente do financiamento destinado ás políticas de cohesión e de apoio ao medio rural. É de todo xeito inaceptable calquera pretendido recorte de fondos que, segundo os cálculos iniciais, suporá unha redución aproximada de 80 millóns de euros anuais para o rural galego, o que implica 480 millóns menos no período, deixando especialmente mermado o orzamento para o desenvolvemento rural.

A PAC é un dos mecanismos máis importantes que se xestionan desde as comunidades autónomas e que permite garantir e manter a actividade dos gandeiros e agricultores. Ademais, sen este recurso de apoio directo ao sector, os prezos dos produtos agroalimentarios serían moito máis elevados e repercutiría de xeito negativo no consumidor.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. Que valoración fai o Goberno galego en relación coa proposta de nova PAC que prevé entrar en vigor a partir do ano 2027?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 14/01/2026 12:02:46

María Encarnación Amigo Díaz na data 14/01/2026 12:02:59

José Mato Díaz na data 14/01/2026 12:03:09

Enrique Barreiro Sánchez na data 14/01/2026 12:03:16

Cristina Campero Dorado na data 14/01/2026 12:03:26

Juan Manuel Casares Gándara na data 14/01/2026 12:03:32

Nicole Grueira Fernández na data 14/01/2026 12:03:42

Ángel Rodríguez Conde na data 14/01/2026 12:03:56

Cecilia Vázquez Suárez na data 14/01/2026 12:04:05



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 12:05:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 12:05:27
Nº Rexistro: 45442
Data envío: 14/01/2026 12:05:27.342

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**.

Os procedementos legais relacionados con conflitos familiares, especialmene cando hai menores implicados, adoitan ser complexos e emocionalmente dolorosos. Entre estes conflitos, o incumprimento das pensións alimentarias continúa sendo a cuestión máis xeneralizada e que implica unha maior litigiosidade, como reflicte a Memoria da Fiscalía Superior de Galicia, que rexistrou 174 procedementos en 2024 na provincia da Coruña só por este motivo e que indica que na provincia de Pontevedra hai 324 procedementos abertos.

O impago das pensións alimentarias non só constitúe un incumprimento económico, senón que, cando se produce no contexto de relacións de desigualdade ou violencia, pode considerarse unha forma de violencia económica, un tipo de violencia de xénero recoñecido pola lexislación e polo Convenio de Estambul. Esta violencia implica coacción, control e limitación da autonomía económica das mulleres, repercutindo directamente no benestar dos fillos e fillas.

O impago das pensións alimentarias non só supón un incumprimento legal e económico, senón que tamén ten un impacto directo e negativo sobre a vida e o benestar dos fillos e fillas e sobre a autonomía económica das mulleres que, na maioría dos casos, son as principais responsables do coidado dos menores.

A detección e o recoñecemento da violencia económica como forma de violencia de xénero é un paso fundamental para protexer ás vítimas. Visibilizar os seus dereitos e garantir que se lles proporcionen recursos efectivos que lles permitan



manter unha vida digna, así como asegurar a atención ás necesidades básicas dos menores implicados.

Ante esta realidade, considérase necesario que a Xunta de Galicia adopte medidas preventivas, educativas e compensatorias, que inclúan campañas de sensibilización para visibilizar o impago das pensións como forma de violencia de xénero.

Tendo en conta que moitas veces a obriga de abono de estas pensións non chega a materializarse, é necesario que inclúan tamén a creación dunha prestación económica subsidiaria e específica que permita compensar ás vítimas de violencia de xénero, en situación de vulnerabilidade económica, que tamén sufran coaccións económicas derivadas do impago das pensións alimentarias.

Esta prestación debe garantir non só a cobertura das necesidades básicas, senón tamén fomentar a autonomía económica e persoal das mulleres afectadas e as súas crianzas, integrándose nun enfoque de apoio integral ás vítimas de violencia de xénero.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Ante o elevado número de procedementos xudiciais por impago de pensións de alimentos de Galicia, ten previsto o goberno galego impulsar medidas para sensibilizar á sociedade e aos profesionais sobre o feito de que o impago das pensións alimentarias pode constituír violencia económica e por ende violencia de xénero?
2. Como valora a Xunta de Galicia a creación dunha prestación específica ou programa de apoio económico para as vítimas de violencia de xénero, en situación de vulnerabilidade económica, que sufran tamén coaccións económicas derivadas do impago das pensións alimentarias?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 12:06:10
Nº Rexistro: 45444
Data envío: 14/01/2026 12:06:10.005

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Muhfx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

162735

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 14/01/2026 12:01:12

Silvia Longueira Castro na data 14/01/2026 12:01:19

Paloma Castro Rey na data 14/01/2026 12:01:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 12:06:10
Nº Rexistro: 45444
Data envío: 14/01/2026 12:06:10.005

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 12:06:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 12:06:10
Nº Rexistro: 45444
Data envío: 14/01/2026 12:06:10.005

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Muhfx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5ª.**

Os socialistas e as socialistas levamos anos denunciando que o sistema sanitario público galego atravesamos unha situación de crecente deterioro que se manifesta con especial gravidade nos servizos de Atención Primaria e Urgencias hospitalarias.

As recentes informacións publicadas nos medios de comunicación e as denuncias realizadas por profesionais sanitarios e organizacións sindicais poñen de manifesto unha realidade preocupante: listas de espera prolongadas para obter cita médica, saturación das urgencias, alta ocupación hospitalaria e pacientes que chegan a agardar días por unha cama de hospitalización.

Esta situación non é un feito illado nin puntual, senón o resultado dunha falta de planificación estrutural, da insuficiencia de persoal sanitario e da ausencia de medidas eficaces por parte da Xunta de Galicia para reforzar o Sergas, malia as reiteradas advertencias dos profesionais e colectivos do sector.

A Área Sanitaria de Pontevedra, o Salnés exemplifica con claridade este colapso. A media das demoras de entre vinte días e un mes para conseguir cita en Atención Primaria están a provocar que moitos pacientes se vexan obrigados a acudir directamente aos servizos de Urgencias, mesmo para patoloxías leves ou trámites tan básicos como a renovación de receitas. Esta situación incrementa artificialmente a presión hospitalaria e evidencia o fracaso das políticas da Xunta na xestión da sanidade pública.



Resulta especialmente grave que desde a xerencia da área sanitaria se pretenda trasladar a responsabilidade á cidadanía, sinalando á mocidade pola baixa vacinación, cando é evidente que a Administración autonómica non desenvolveu campañas suficientes de información, prevención e sensibilización. Culpar aos pacientes é unha actitude inxusta e inaceptable, que ignora que a maioría dos casos que chegan ás Urgencias poderían resolverse na Atención Primaria se esta funcionase con normalidade.

Así mesmo, a decisión de non manter operativas o cen por cen das camas dispoñibles nos hospitais de Montecelo e o Salnés agrava unha situación xa crítica e contribúe a prolongar as esperas e a sobrecargar os servizos de Urgencias.

Os socialistas insistimos en que a sanidade pública galega precisa respostas inmediatas, responsabilidade política e un cambio de rumbo que sitúe ás persoas e aos profesionais no centro das decisións.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Como explica o Goberno galego a falta de previsión e planificación ante os picos estacionais de gripe e outras patoloxías respiratorias, e que responsabilidades políticas vai asumir polo impacto desta situación na saturación da Atención Primaria e das Urgencias na area sanitaria Pontevedra-Salnés?
2. Por que motivo o Goberno galego non mantén operativo o cen por cen das camas dispoñibles nos hospitais públicos, en particular nos de Montecelo e O Salnés, malia a elevada ocupación hospitalaria e ás esperas de pacientes por unha cama?



3. Como xustifica o Goberno galego as listas de espera de media entre vinte días e un mes para conseguir cita en Atención Primaria na área sanitaria Pontevedra-Salnés?

4. Considera o Goberno galego axeitado trasladar á cidadanía, e en particular á mocidade, a responsabilidade pola saturación do sistema sanitario, ou vai asumir a Xunta a súa responsabilidade reforzando a Atención Primaria e as campañas de prevención e vacinación?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 14/01/2026 12:04:38

Elena Espinosa Mangana na data 14/01/2026 12:04:45

Silvia Longueira Castro na data 14/01/2026 12:04:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 12:07:18
Nº Rexistro: 45448
Data envío: 14/01/2026 12:07:18.263

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 12:07:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 12:07:18
Nº Rexistro: 45448
Data envío: 14/01/2026 12:07:18.263

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 12:17:10
Nº Rexistro: 45454
Data envío: 14/01/2026 12:17:10.290

Asinado o día 14/01/2
Por María Encarnació
Díaz

Á Mesa do Parlamento

Katherinie Varela Fernández, Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

A Consellería do Medio Rural traballa na posta en valor de diversos espazos, en particular, na mellora das infraestruturas e terreos susceptibles de aproveitamento agrario co obxecto de dinamizar as zonas rurais.

O réxime xurídico dos regadíos galegos vén dado pola lei que os declarou de interese xeral, que é sempre unha norma estatal, non autonómica. A regulación, por tanto dos regadíos, é estatal; para os máis antigos como o regadío de Val de Lemos (Monforte, Sober, Pantón, Bóveda e A Pobra do Brollón) vén dada pola Ley de Reforma y Desarrollo Agrario, texto aprobado polo decreto 118/1973, do 12 de xaneiro, que refunde a normativa en materia de reforma e desenvolvemento agrario. O Decreto 3125/66 declaraba de alto interese nacional a colonización da zona regable de Valle de Lemos.

Este proxecto contemplaba a posta en rega dunhas 4.875 has dos concellos de Monforte, Sober, Pantón, Bóveda e A Pobra do Brollón, a partir de augas fluíntes do río Cabe e augas reguladas do río Mao. Na actualidade, esta infraestrutura atópase en crise por diversas circunstancias, das que podemos destacar:

- O deterioro da infraestrutura hidráulica nesta zona, en moitas partes mesmo non existe, e tamén o crecemento das cidades coas que linda como Monforte, que creceu urbanisticamente desenvolveuse sobre terreos susceptibles de rega.
- Descoñécese exactamente a superficie susceptible de rega e quen son exactamente os regantes, e por tanto quen debe contribuír ao pago das amortizacións da infraestrutura hidráulica propiedade do Ministerio de Transición Ecolóxica (as confederacións hidrográficas e as Sociedade Estatal de Infraestruturas Agrarias -SEIASAS-), que hoxe acumulan unha débeda importante.

Asinado o día 14/01/2026 ás
12:14
Por Miguel Ángel Viso Diéguez

Asinado o día 14/01/2026 ás
12:14
Por Katherinie Varela Fernández

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Tanto o deterioro da infraestrutura, como o desfase do censo, así como a débeda acumulada do regadío coa Confederación Hidrográfica Miño Sil, pon en perigo o correcto funcionamento dunha infraestrutura que pode axudar a revitalizar o rural no sur da provincia de Lugo, polo que a implicación do goberno do Estado debe ser máis intensa neste asunto.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. Que traballos está a realizar o Goberno galego para a revitalización e mellora da explotación do Regadío do Val de Lemos?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Katherinie Varela Fernández na data 14/01/2026 12:14:03
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 14/01/2026 12:14:17
María Encarnación Amigo Díaz na data 14/01/2026 12:14:35
José Mato Díaz na data 14/01/2026 12:14:43
Enrique Barreiro Sánchez na data 14/01/2026 12:14:51
Cristina Campero Dorado na data 14/01/2026 12:15:01
Juan Manuel Casares Gándara na data 14/01/2026 12:15:09
Nicole Grueira Fernández na data 14/01/2026 12:15:20
Ángel Rodríguez Conde na data 14/01/2026 12:15:31
Cecilia Vázquez Suárez na data 14/01/2026 12:15:40



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 12:17:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 12:17:10
Nº Rexistro: 45454
Data envío: 14/01/2026 12:17:10.290

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

O proxecto Gama que a multinacional Altri deseñou para a localidade lucense de Palas de Rei -a través de Greenfiber- aspira a converterse na primeira fábrica de fibras téxtiles biodegradables de Galicia.

Máis en concreto, trátase dunha iniciativa, pioneira a nivel mundial, para a produción de lyocell, unha fibra téxtil elaborada a partir de celulosa procedente de madeira, que neste caso proviría de eucalipto galego certificado.

De superar o proceso de avaliación ambiental e implantarse, situará a Galicia na vangarda dunha nova industria capaz de pechar o ciclo produtivo da madeira e baseada na sustentabilidade e na innovación, en liña coas directrices da Unión Europea.

Concibida como un modelo integral, na que a produción da pasta soluble servirá para fornecer á produción de lyocell, prevé utilizar eucalipto procedente dos montes galegos, asumindo unha oferta que na actualidade se comercializa fóra de Galicia.

Servirá, en consecuencia, como pulo para dinamizar o tecido industrial de Galicia, fomentando a xeración de maiores beneficios económicos e de sustentabilidade en dous sectores estratéxicos para nosa comunidade, como son o forestal e o téxtil.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. Que beneficios traerá aparellada a posta en marcha, de ser o caso, da primeira fábrica de fibras téxtiles biodegradables para os miles de pequenos produtores forestais en Galicia?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 14/01/2026 12:24:16

María Encarnación Amigo Díaz na data 14/01/2026 12:24:27

José Mato Díaz na data 14/01/2026 12:24:37

Enrique Barreiro Sánchez na data 14/01/2026 12:24:43

Cristina Campero Dorado na data 14/01/2026 12:24:52

Juan Manuel Casares Gándara na data 14/01/2026 12:24:58

Nicole Grueira Fernández na data 14/01/2026 12:25:29

Ángel Rodríguez Conde na data 14/01/2026 12:25:45

Cecilia Vázquez Suárez na data 14/01/2026 12:25:53



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 12:26:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 12:26:49
Nº Rexistro: 45456
Data envío: 14/01/2026 12:26:49.876

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 12:33:55
Nº Rexistro: 45460
Data envío: 14/01/2026 12:33:55,334

Asinado o día 14/01/26
Por María Encarnación
Díaz

Á Mesa do Parlamento

Nicole Grueira Fernández, Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, , Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

As Oficinas Rurais apareceron na nosa comunidade aló pola década de 1960 co nome de Extensións Agrarias, momento no cal foron definidas unhas localizacións concretas, así como un despregue determinado das mesmas, cuxa evolución foi intrínseca ao propio desenvolvemento do rural de Galicia.

A efectos de optimizar a efectividade destes entes territoriais servindo á súa evolución, así como a súa adaptación á realidade vixente, cuxa importancia é fundamental en relación coa presenza da Xunta no rural galego, púxose en marcha o Plan de mellora das infraestruturas da Consellería do Medio Rural 2021-2026, cun investimento que acada os 43 millóns de euros. Deste xeito, a Consellería pretende iniciar o camiño para favorecer e incluso facilitar a devandita adaptación das Oficinas Rurais ás esixencias actuais do rural.

Tal e como se contrastou na práctica, esta planificación persegue unha modernización das dependencias da Consellería –isto é, tanto das Oficinas Rurais como doutras instalacións; por exemplo, ás asociadas ao dispositivo de prevención e defensa contra os incendios forestais–. Obxecto que responde, tal e como defende á propia Consellería do Medio Rural, ao avance dunha nova reestruturación das instalacións, así como da presenza física no territorio por parte da Xunta, co fin de dar unha resposta máis eficiente ás necesidades, neste caso en particular, do sector primario galego.

Neste contexto, estes últimos meses é evidente que asistimos ao desenvolvemento dunha serie de actuacións destinadas á mellora dos métodos de traballo, á simplificación e modernización dos procedementos administrativos e, en definitiva, á optimización das diferentes vertentes que inflúen na calidade dos servizos prestados á cidadanía en moitos municipios galegos onde se localizan fisicamente as sedes destas Oficinas Rurais, feito que nos permite constatar un importante avance sobre esta planificación a curto e medio prazo.

Asinado o día 14/01/2026 ás
12:30
Por Miguel Ángel Viso Diéguez

Asinado o día 14/01/2026 ás
12:30
Por Nicole Grueira Fernández

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. Cal é o balance que fai o Goberno galego acerca da evolución e avance do Plan de mellora das infraestruturas da Consellería do Medio Rural en relación coa optimización das Oficinas Rurais da nosa Comunidade?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 14/01/2026 12:30:38
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 14/01/2026 12:30:46
María Encarnación Amigo Díaz na data 14/01/2026 12:31:02
José Mato Díaz na data 14/01/2026 12:31:23
Enrique Barreiro Sánchez na data 14/01/2026 12:31:28
Cristina Campero Dorado na data 14/01/2026 12:31:37
Ángel Rodríguez Conde na data 14/01/2026 12:31:58
Cecilia Vázquez Suárez na data 14/01/2026 12:32:16
Juan Manuel Casares Gándara na data 14/01/2026 12:32:58



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 12:33:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 12:33:55
Nº Rexistro: 45460
Data envío: 14/01/2026 12:33:55.334

CSV: BOPGDSPG-iwJ5Mufx-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

